

# OBRADOIRO

colexio de arquitectos de galicia/numero 7/decembro 1981



Nove concellos galegos


# emplee la arcilla cocida vd. conoce sus ventajas




LADRILLOS



TEJAS



FORJADOS




le garantiza:

- 50% de AHORRO ENERGÉTICO
- resistencia AL FUEGO
- resistencia a LA COMPRESSION
- aislamiento TERMICO
- resistencia a LA HUMEDAD

**ASOCIACION PROVINCIAL DE FABRICANTES DE LADRILLOS, TEJAS Y FORJADOS CERAMICOS  
HISPALYT - CORUÑA**

C/ Ronda de Outeiro, 236-1º Izqda. (Zona Agra del Orzán). Telf. 27 63 73 - LA CORUÑA




# VELUX

Las ventanas VELUX  
pueden hacer de su  
buhardilla, trastero  
o desván la habitación  
más agradable de la casa.

PUERTAS DE BALLESTA  
E INDUSTRIALES  
TIPO PLEGABLE.

**"seguridad a todas luces"**



INDUSTRIAS

# CAAMANO



CARPINTERIA DE ALUMINIO Y ACERO INOXIDABLE • VENTANAL VELUX - PUERTAS METALICAS DE SEGURIDAD • ESCALERAS DE CARACOL Y PLEGABLES DE TECHO • KIOSKOS DE REVISTAS A MEDIDA EN ACERO O ALUMINIO • MAMPARAS INTERIORES DE DESPACHOS, BAJOS INTERIORES Y OFICINAS • RECUBRIMIENTO DE PISCINAS, TERRAZAS ETC.

LA CORBEIRA - VILABOA. Telfs. 66 08 50 - 66 08 66 - LA CORUÑA

# Ascensores más seguros



ascensores  
con puertas en cabina  
**¡LO SEGURO!**

ZARDOYA  
**OTIS**


Los ascensores son los vehículos más utilizados del mundo. Millones de personas se desplazan en ellos todos los días. Estadísticamente son también los que menos accidentes provocan. Pero la seguridad nunca es bastante. Todavía los ascensores con cabina sin puertas ocasionan anualmente numerosos accidentes, especialmente entre los niños. Por eso usted debe exigir ascensores dotados de la máxima seguridad. Las puertas en cabina eliminan la posibilidad de accidentes, al aislar a los pasajeros del hueco. Son obligatorias ya en los ascensores de nueva instalación y fácilmente adaptables a los modelos que no las tienen. Nuestros técnicos pueden informarles sobre las distintas soluciones y presupuestos que tenemos para cada caso. Pídanos información.



C/. Tornos, s/n. Telf. 256900-04 - LA CORUÑA • Pejigo de Arriba, 5. Telf. 585076 - SANTIAGO  
San Luis, 9 esquina Carlos III. Telf. 324288 - EL FERROL • San Roque, 55-57 entreplanta. Telf. 223545 - LUGO

# PROYECTOS de INGENIERIA

CENTRO DE CALCULO PARA ESTRUCTURAS  
AIRE ACONDICIONADO Y FRIO INDUSTRIAL  
CALEFACCION Y FONTANERIA  
ILUMINACION  
ELECTRICIDAD



**COTECNO** S.A.

c/Santiago Gómez, 8-11°G. telf. 262146\* La Coruña



# Presentación

Unha vez máis tras un longo período de silencio, volve ás tuas mans *Obradoiro*, buscando, como sempre, servir de instrumento para ofrecer aos profesionais da construcción unha información o máis completa e actual posíbel sobre a historia da actualidade da arquitectura do noso país.

No presente exemplar, o Consello de Redacción da Revista, recollendo as distintas opinións e críticas chegadas a nós sobre o contido dos anteriores números, pretende poñer unha maior atención na recollida de traballos recentemente realizados en Galicia, a través da publicación dunha mostra de oito Casas Consistoriais proxectadas ao longo da última década, ealgúns dos proxectos presentados ao SIAC por dous arquitectos de procedencia galega: Iago Bonet e Toni Díaz.

Continuamos ofrecendo traballos históricos, concretados nesta ocasión nun artículo de Iago Seara sobre a arquitectura da terra do viño, interesante exemplo de adaptación da nosa arquitectura vernácula ás características comarcais, e no discurso de Rafael Baltar con motivo da sua toma de posesión como Académico das Ciencias, acerca de “A determinación da arquitectura”.

Recollemos ademais unha recente aportación ao estudo do Urbanismo galego, realizada por X.L. Martínez no seu traballo sobre o termo municipal de Oleiros.

A revista *Obradoiro*, con tan só 7 exemplares publicados, está aínda no comezo da sua andadura, aprendendo número a número dos seus propios errores. A nosa intención é conseguir a máxima calidade para o órgao do colectivo profesional e potenciar a polémica sobre a arquitectura galega. Mais, para poder acadar este obxectivo é preciso contar coa vosa colaboración e coas vosas críticas. Con este fin, este exemplar vai acompañado dunha breve enquisa, complemento doutra xa realizada, coa que pretendemos obter os datos necesarios para a realización dun próximo debate que faga posíbel correxir os errores e mellorar, polo tanto, o contido da nosa publicación.

## OBRA DOIRO

Revista de arquitectura e urbanismo

Comisión de Cultura do COAG

Departamento de Publicacions

Montero Ríos, 26-1º dta.

Santiago de Compostela

DIRECTOR:

X. Xavier Suances Pereiro, decano

COORDINACION E DESEÑO

Pedro de Llano

CONSELLO DE REDACCION:

Rafael Baltar Tojo

Fernando Blanco Guerra

Xosé Fcº Freire Corzo

Celestino García Braña

Xaime Garrido Rodríguez

Xosé A. Hermo Túñez

Cristina López Eimil

José Luis Losada López

Pedro de Llano Cabado

Xosé Lois Martínez Suárez

SECRETARIA DE REDACCION:

Comisión de Cultura do COAG

ISSN 0211-6065

IMPRIME:

A. G. Galicia, S.A., Segovia, 15

Vigo

## sumario

### Obradoiro / actualidade

- |    |   |
|----|---|
| 6  | La Escuela de arquitectura de Galicia, hoy.<br>José-Antonio Franco Taboada.                         |
| 8  | “Le GALIB ilé Allah”: Non hai máis vencedor que Allah.<br>Miguel Silva Suárez.                      |
| 9  | Picasso: entre a chuvia e a noite.<br>Pedro de Llano.   |
| 11 | Arquitectura moderna gallega. Encuentros en Ferrol.<br>Fernando Blanco.                             |
| 13 | Arquitectura galega contemporánea. Nove casas consistoriais   |
| 48 | III SIAC. Dous arquitectos con raíñas galegas: Yago Bonet, Antonio Díaz.<br>Iago Seara Morales      |
| 62 | Aproximación á arquitectura da terra do viño. Os socalcos e as adegas.<br>Iago Seara Morales.       |
| 74 | A determinación da Arquitectura.<br>Rafael Baltar.  |
| 82 | A ocupación da costa no termo municipal de Oleiros. O caso de Perillo.<br>Xosé Lois Martínez Suárez |
| 90 | Libros  |

## OBRA DOIRO/ACTUALIDADE

# La Escuela de Arquitectura de Galicia, hoy

### *Primeros titulados*

La Escuela Técnica Superior de Arquitectura de La Coruña, perteneciente a la Universidad de Santiago, es en realidad la Escuela de Arquitectura de Galicia, no sólo por los límites legales del Distrito universitario, sino por claras razones geográficas y humanas.

La Escuela comenzó su andadura en Octubre de 1975, en locales cedidos en el entonces recién estrenado edificio de la Escuela Universitaria de Arquitectos Técnicos, y en los que permaneció cinco años académicos hasta ocupar su propio edificio. No obstante, ambos Centros comparten algunas instalaciones como laboratorios y Aula Magna.

El actual año de 1981 puede considerarse, en cierta manera, como el de la mayoría de edad de la Escuela. En efecto, este año ha terminado la carrera la primera promoción de arquitectos, siendo los nuevos compañeros: Pablo Costa Buján, Juan Casabella López, Manuel González Sarceda y Enrique Roel Estrada. El Tribunal del Proyecto de Fin de Carrera estuvo presidido por el profesor doctor Andrés Fernández-Albalat Lois y actuó como Secretario el profesor Manuel-Andrés Reboredo Santos. También en este año ha obtenido el primer título de Doctor en Arquitectura por nuestra Universidad de Santiago el compa-

nero Juan-Bautista Pérez Valcárcel con una Tesis titulada "El método de las diferencias finitas y su aplicación al cálculo de placas de forma cualquiera". El Tribunal que juzgó la Tesis estuvo presidido por el profesor Doctor Florencio del Pozo Frutos, siendo el Director de la Tesis el profesor Doctor Rafael López Palanco.

### *Nuevo Plan de Estudios*


La situación que he denominado de "mayoría de edad" de la Escuela se refleja, no solamente en los primeros títulos que ha concedido, sino sobre todo en la problemática existente a todos los niveles y cuyo mayor énfasis recae en la preocupación de que la enseñanza impartida sea la adecuada a la realidad actual de la práctica arquitectónica; siendo conscientes de la existencia de una crisis evidente, no sólo a nivel conceptual (qué se entiende por arquitectura), sino también a nivel profesional (cuáles son las salidas existentes).

El actual Plan de Estudios tiene una duración de seis años. Este plan, organizado y aprobado a título experimental, ha cumplido ya un ciclo completo, por lo que en este momento se trabaja aceleradamente en una Comisión especial de la Escuela en la redacción de un nuevo Plan de Estudios, habiéndose discutido el actual

ampliamente en cursos anteriores. El nuevo Plan de Estudios pretende entrar en los contenidos, metodología y organización de las diversas materias que se consideren necesarias en la hora presente para formar al arquitecto que demanda nuestra sociedad.

### *El problema del profesorado*

Al completar la enseñanza de todos los ciclos de la carrera, la Escuela es consciente de sus muchas carencias, no sólo de personal y materiales, aunque en este último sentido es de resaltar la colaboración de la Fundación "Barrié de la Maza", que construyó y equipó el edificio de la Escuela, sino también de otras de más difícil y lenta resolución. En cuanto al profesorado, es preciso señalar la dificultad de encontrar profesores con posibilidad de dedicación y con una adecuada formación para la docencia e investigación universitarias, en una ciudad como La Coruña y en un país como Galicia relativamente pequeños. Esta dificultad, y siempre que no aumente el número de alumnos, actualmente crítico, ha sido obviada hasta ahora por la vocación del profesorado, que se plantea con responsabilidad el crear una Escuela de Arquitectura al nivel que creemos que necesita un país con la clara personalidad histórica y cultural de Galicia. En este sentido, la mayoría del profesorado no doctor está re-



EDIFICIO DEL VICERRECTORADO

Manuel González Sarceda.

alizando sus tesis doctorales, dirigiéndolas en muchos casos a estudiar aspectos de la realidad gallega que estoy seguro supondrán una importante contribución a la investigación dentro del campo específicamente arquitectónico.

#### *El alumnado*

En lo que se refiere al alumnado, el mayor problema planteado es el ingreso directo en la Escuela. Este se matricula en algunos casos por presiones familiares o sociales, sin una clara vocación, que por otro lado es difícil descubrir a los dieciseis o diecisiete años. En consecuencia, si tiene que dejar la Escuela, como muchas veces ocurre, ha perdido el tiempo e incluso se ha desanimado para seguir otra carrera universitaria. En este sentido es preciso señalar que el mayor problema, incluso en casos de vocación clara, lo constituye la preparación del bachillerato y del C.O.U. totalmente inadecuada, al menos para seguir una carrera técnica superior. El establecimiento de unas pruebas específicas de acceso a la Escuela, y no generales a la Universidad y a cualquier carrera como las actualmente existentes, sería conveniente en un doble aspecto: por un lado para "probar" vocaciones, y por el otro para obligar a una mejor preparación previa, tanto por parte del alumno como por los Centros e Institutos de segunda enseñanza. Debo señalar que el establecimiento de estas pruebas específicas, que ya existen en la Escuela de Arquitectura Técnica, debería ser sin "numerus clausus", dado que su finalidad sería estrictamente académica.



#### *Relaciones*

#### *Colegio-Escuela*

Finalmente, y en cuanto a las relaciones Colegio-Escuela, parece claro que debería haber una mayor colaboración que la actualmente existente, que podría considerarse comienza ahora tímidamente y todavía con reticencias por ambas partes. Existe un amplio campo abierto a la colaboración, no sólo a nivel de actividades culturales como pueden ser conferencias, exposiciones, etc., sino incluso docente, en cuanto a conseguir unas enseñanzas de postgrado para la actualización permanente de los conocimientos de los colegiados, que podrían equipararse y coordinarse con los cursos de doctorado, necesarios para obtener, por graduados de planes de estudios de 1964 o posteriores, el título de Doctor Arquitecto.

Con lo expuesto a lo largo de estas líneas, creo haber esbozado en una primera aproximación la situación actual de nuestra Escuela.

JOSE-ANTONIO FRANCO TABOADA.  
DIRECTOR



VICERRECTORADO  
Pablo Costa Buján

# "LE GALIB ILE ALLAH": Non hai mais vencedor que Allah

Na feira dos Difuntiños escomenzou o Congreso.

Estivemos en Granada uns oitocentos arquitectos, deles uns trinta galegos, polo que a porcentaxe de asisténcia foi superior aos de todo o Estado.

En canto á participación previa ás sesións e discusións, somentes o que estas liñas escrebe remitiu unha comunicación e catro enmendas, das que duas ou tres pasaron ás sesións plenarias, e duas delas —ao cabo— foron incluidas nas conclusións finais do Congreso ao seren votadas afirmativamente.

Tiveron lugar nove Táboas de discusión encol dos temas seguintes: "O arquitecto e a Sociedade", "O exercicio profesional", "Os ámbitos de incidencia da profesión", "A formación do arquitecto", "As competencias profesionais", "A problemática da integración nas Comunidades Europeas", "A ordenación do

traballo profesional", "Formas de organización" e "A previsión social dos arquitectos".

Unha primeira valoración do traballo feito e das conclusións acadadas ao remate —ten de ser, na miña opinión—, un certo xeito de confusión ao seren nada máis consideradas e discutidas as propostas de discusións ou "proxecto de conclusións" que foron elaboradas polos coordinadores do Congreso en base ás ponencias presentadas, polo que na práctica o que se levou ás discusións nas Táboas e ás votacións nos Plenarios foi unha sorte de refrito de procedencias ben diversas: aportacións individuais de Coléxios ou Delegacións, do Congreso de Catalunya, das Xornadas Preparatórias de Asturias, etc.

Velaí que entón o resultado non foi un Congreso de ideas, senón máis ben un Congreso no que se discutiron unha serie de propostas resumidas, fóra do seu contexto —a xente lóxi-

camente non lia as ponencias enteiras—, contradictorias ás veces unhas con outras e tamén con grandes lagoas no tratamento da problemática profesional e nas actitudes e vieiros a seguir no futuro. Paréceme pois que claramente fallou unha intención ou fio rector en todo o desenrollo da amplia —pero non completa e as más das veces moi reiterativa— temática que foi discutida.

Quizais polos motivos siñalados ou tamén pola heteroxénea composición dos asistentes —aínda que penso que foi notoria a tendéncia claramente dereitizante e anti-progresiva—, as voluminosas conclusións finais, penso eu que dan unha imaxe moi cativa de cal é a realidade profesional hoxe do arquitecto en España e paréceme tamén que moitas das conclusións son impublicabeis polas razóns xa sinaladas: contradiccións, conservadurismo e aínda máis reaccionarismo e, sobor de todo, moitas delas totalmente inaxeitadas á realidade dos tempos actuais.



Se ben, como é lóxico, houbo de todo e nalgúns Táboas conseguiron aprobase propostas moderadamente progresivas que logo foron rexeitadas nas sesións Plenárias, aínda que algunhas pasaran ás conclusóns finais.

Paréceme, pois, que a característica mais sinalada foi a espécie de rebumbio no que se convertiu o documento final do Congreso, até o punto de que ao remate do mesmo a Presidencia propuxo, e aprobouse polos asistentes, que as corenta e cinco páxinas de conclusóns foran resumidas nun documento de nove puntos!.

Eu si que saquei a miña conclusión particular —clariña como a auga das fontes de Granada—, e é que un Congreso de arquitectos de España non pode ser efectivo pola moi diversa problemática que atinxo aos arquitectos nas diferentes nacionalidades do Estado, como quedou ben amosado nos debates nos que foron rexeitadas todas as propostas nas que se facía alusión á realidade concreta dentro dos Entes Autonómicos e ás contradicións no exercicio profesional en Andalucía e Canarias por exemplo e que, polo tanto, deberían de se celebrar Congresos nos ámbitos autonómicos, tal como fixeron en xuño os compañeiros cataláns.

Así, pois, penso que deberíamos fazer unha reunión post-Congreso entre os interesados no País Galego, e ver así se para o ano vindeiro poderíamos organizar o Congreso ou Asamblea de Arquitectos de Galicia. Ese é o meu desejo.

Por outra banda, houbo actos sociais, conferéncias de relocintes estrelas de arquitectura, viaxes, cocktails,. E agora que penso que as Táboas de debate tiveron lugar en tres edificios “cristiáns”, o Palacio de Carlos V, o Hospital Real, e a Casa dos Tiros, e que no Patio dos Mirtos da Alhambra celebrouse un concerto nocturno de guitarra, os paseos polos xardíns do Xeneralife, o Sacromonte, as visitas aos Paços Musulmáns, e todo o ambiente case máxico, sinto que todo isto é o que en realidade valeu dabondo e que, como dí o lema que Ibnú-Ahmar, o seu fundador, puxo por toda a Alhambra, a conclusión do Congreso de Granada é que non houbo máis vencedor que Allah.

Miguel Silva Suárez.  
Representante de Galicia na Táboa do Congreso.


# PICASSO entre a chuvia e a noite

O día 29 de Nadal, cando xa tocaba ao seu fin o ano no que o mundo conmemorou o centenario do nacemento de Pablo Picasso sen que as nosas autoridades políticas e culturais, que en numerosas ocasións reivindicaran para A Coruña o nacemento ao mundo da arte do más grande pintor do noso século, desen as señas de terse enterado, foi inaugurado nos Cantóns coruñeses un interesante montaxe tridimensional do “Guernica”, como homenaxe ao pintor dos Colectivos Culturais de Esquerda Galega (coa colaboración do Concello), realizado polo arquitecto Xosé Manuel Casabella coa colaboración de Xan González Otero.

Non é fácil describir a impresión que para

min supuxo o encontro coa obra aquí reseñada, surxindo nunha desapacible noite de inverno de entre as luces, reflexadas pola auga e sobre os teitos dos autos que permanentemente cubren unha das más fermosas ruas de Galicia. Mais quede constancia de que a miña primeira valoración levoume a pensar en que difficilmente se podería atopar mellor homenaxe ao xenial pintor malagueño, que o da irrupción da sua obra cume no terreo dun dos cada vez máis agobiantes enemigos do noso entorno vital, por medio dunha recreación realizada cunha profunda visión do mundo picassiano e unha grande sensibilidade poética.

Montada sobre unha estrutura de mecano-



tubo de base modular de 1,5 por 1,5 metros pintada de cor roxa intensa co fin de distinguila do conxunto das figuras creando así a necesaria diferenciación, esta nova interpretación do "Guernica", que ven sumarse ás recentemente realizadas por xentes da importancia do Equipo Crónica ou Juan Barjola, ocupa un volume de nove metros de lonxitude por tres de alto e catro e medio de fondo, e consiste na descomposición do cuadro en diferentes planos para conseguir un efecto de profundidade a través dun minucioso exame de cada unha das figuras, colocando algúns dos elementos centrais xirado trinta grados sobre a liña frontal do montaxe co fin de acentuar a sua expresividade.


O resultado é espléndido. Os autores, mediante un elemental conxunto de liñas e planos sinteticamente administrados sobre un campo

tridimensional conseguiron unha excelente composición de espacios e ritmos, nos que os distintos elementos do que Herbert Read chamou "o máis fermoso monumento á desesperación e á destrucción do home do noso século" parecen alcanzar unha vida propia. O cabalo ferido convértese no elemento central da obra, rivalizando en importancia, polo xiro da sua cabeza, co brazo da muller que asomándose a unha fiesta tráta de iluminar a escea e mais co ollo da noite, que no cuadro veu servir como elemento focal para os seus catro triángulos compositivos. As expresións das catro mulleres situadas en distintos planos recortadas sobre a oscuridade agudizan a emoción do pintor a través das suas expresións de asombro, agonía e medo. Mientras, alá no fondo, nun segundo termo, o touro busca ao seu enemigo en actitude desorientada e os restos

do corpo desfeito dun guerreiro situados no primeiro plano móstrannos o fin último de toda violencia.

Os frutos desta experiencia, que eu calificaría de moi positivos, veñen, por último, enriquecer os xa importantes intentos, antes levados a bon fin por outros grupos de artistas galegos, cara a unha maior popularización do seu ámbito de traballo no campo da cultura, feito polo que sen dúbida temos que felicitar-nos. Mais penso que esta experiencia non debe quedar nun só fermoso e puntual homenaxe, por moito que veña cubrir os imperdonábeis esquecimentos doutros, senón que deberá servir como base para outras novas intervencións que, aportando novos achados no ámbito da creación plástica, contribuian a unha cada vez maior aproximación do feito artístico ás nosas xentes.

Pedro de Llano.




# Arquitectura moderna gallega Encontros en Ferrol

Organizado por la Comisión de Cultura de El Ferrol, viene celebrándose en el salón de actos de la Caja de Ahorros de esta ciudad un ciclo de sesiones críticas sobre la obra de algunos destacados arquitectos gallegos que ejercen en su tierra.

Comenzó el ciclo a finales de setiembre con la presentación por parte de César Portela de su obra con sus cambiantes equipos; desarrolló, en un ambiente de provisionalidad e inicios de organización, algunos de los puntos de referencia básicos de su obra planteados con intención de teoría: Autoconstrucción en el medio rural, Invariantes de la arquitectura gallega, Arquitectura del humo y su discurso espacial..., temas que, por el interés que tienen como apoyo de una obra de gran calidad, merecerían una mayor audiencia, por lo que es voluntad de los organizadores una nueva sesión de César Portela dentro ya del ambiente de importante atención y concurrencia que ha cobrado actualmente el ciclo.

El 7 de octubre pasado expuso su obra más reciente Manuel Gallego, en un ambiente más poblado y con nutrida representación escolar. El gran interés del material presentado, unido a la personal tensión expresiva de Gallego, dio lugar a una hermosa lección de arquitectura. Una arquitectura inicialmente muy ligada a las invariantes gallegas codificadas a partir del Movimiento Moderno, es decir, con esa aportación de variables procedentes de un profundo estudio de la arquitectura popular incorporadas a un discurso claramente conceptual. Así las fachadas piel tensa-granulite-vidrio del edificio de viviendas en Coruña, tratamiento casi tipológico presente en buena parte de la arquitectura de sus compañeros de generación también claramente marcados por la enseñanza maestra de De la Sota: Baltar, Suances, Meijide...; el rigor de las plantas en la línea




más purista del Movimiento Moderno... Pero una arquitectura que si en su casa de Corrubedo anuncia una aportación desde posiciones más arriesgadas, cobra ya una autonomía personal, poderosa y madura en su magnífica casa-galpón y llega a aproximarse a actitudes plásticas soporte-superficie en el discurso de transparencias de fachada de su mercado coruñés.

Carlos Meijide proyectó, el 23 de octubre, una selección de su obra abarcando un amplio período, desde sus épocas de colaboración con Gallego a sus actuaciones más recientes. Se nos presentó como un desenfadado diseñador de notable soltura para resolver problemas de pequeña escala, pero con no pocas contradicciones a la hora de obtener resultados globales coherentes en la obra, que aparece concebida generalmente como suma de partes, sin esa intención de totalidad definida por la psicología artística de la *Gestalt* a que era tan proclive el Movimiento Moderno, de cuya tradición proceden la mayor parte de sus plantas. Un interesante uso del color en su arquitectura vino a explicar algunas cosas sobre una discusión apenas iniciada en la sesión anterior donde Gallego, desde posiciones mucho más puristas, cuestionaba el posible valor primario del color en el ejercicio arquitectónico.

Los organizadores del ciclo tienen previsto a lo largo de los próximos meses las presentaciones de obra por parte de Albalat, José Bar, Suances, Baltar, Losada, Casabella, M<sup>a</sup> Jesús Blanco y Fernando Blanco, Trabazo, Reboredo..., con ánimo de intercomunicación y crítica, algo de lo que estábamos totalmente huérfanos en Galicia y que la presencia estudiantil cataliza y potencia, por lo que felicitamos la brillante iniciativa de la Comisión de Cultura de Ferrol.

FERNANDO BLANCO



# arquitectura galega contemporánea

## NOVE CASAS CONSIGTORIAIS

O deseño de edificios públicos é, sen dúbida, un dos traballos más atractivos que se lle pode propor a un arquitecto, tanto polas suas peculiaridades compositivas —determinadas polo seu carácter de edificio representativo— como pola sua multifuncionalidade, xeradora dun atractivo esquema distributivo e espacial.

Se botamos unha ollada ao noso pasado non atoparemos nel —agás honrosísimas excepcións— máis que unha serie de construcións nas que a desproporción e a falta de respeito polo medio, e a nula calidade e vulgaridade duns espacios interiores sen a máis mínima aptitude para a sua función, son características permanentes.

Non obstante, na última década Galicia viu aparecer un reducido número de edificios municipais —obra de xóvenes profesionais— cunha indubidábel calidade arquitectónica, entre os que a casa consistorial de Pontecesures foi unha primeira e espléndida mostra.

Nestas obras pódese apreciar xa un xeito distinto de entender o deseño, o que dou lugar ao nacemento dunha nova arquitectura galega plenamente integrada nas principais liñas do pensamento arquitectónico actual.

Neles, a través dos diferentes códigos formais utilizados, foron tratados problemas como son a inserción na estrutura urbana ou a conseguinte adaptación ao entorno, dando lugar a soluciones que abarcan un amplio abano que vai desde a fermosa recuperación de arquitectura vernácula levada a cabo por C. Portela en Brión, mediante a ubicación das instalacións dun pequeno concello rural nunha vella vivenda situada no centro dunha carballeira, até a introducción, nun núcleo rural, dun edificio que actúa como elemento de ruptura enfatizando o seu carácter representativo mercede a unha forte carga formal, rea-

lizada por X. M. Casabella e X. L. Martínez en A Capela, que dan lugar ao que, no futuro, podería ser un frutífero tema de debate.

A organización do espacio interior foi abordada, xa, nestes proxectos, desde unha perspectiva moi lonxana á daqueles tradicionais concellos compostos por pequenos e ríxidos recintos. O seu resultado dou lugar a uns novos e flexíbeis espacios que contemplan a necesidade de novos usos, que cobren os déficits actualmente existentes nas nosas vilas (salas para xuntanzas, exposicións...) e plantexan a posibilidade de ofrecer ou concentrar outros servicios (Técnicos municipais, Dispensarios médicos, Cartería...), permitindo a creación dunhas condicións de traballo mellores e más funcionais.

Por outra parte, os seus distintos elementos construtivos aparecen tratados con sumo coidado, explorando novas e interesantes solucións aos problemas da edificación nun medio tecnolóxico tan ruin e primitivo como o galego.

A expresión plástica, fruto dunhas propostas nas que os tratamentos exteriores e a utilización dos distintos elementos compositivos diferenciadores dun edificio deste tipo poden ter como orixe a idea de obter solucións dunha considerábel simplicidade, acada resultados nos que atopamos a preocupación e busca, por parte dos autores, dunha lingua propia.

Os proxectos recollidos aquí non forman, desde logo, un grupo homoxéneo nem constitúen unha solución completa nem representativa, xa que o noso obxectivo —ao publicalos— redúcese tan só á percura dun certo número de exemplos que, servíndonos como base de comparación, nos permite formarnos unha opinión sobre o traballo dos arquitectos galegos neste eido de actuación, co fin de contribuir a clarificar o panorama actual da arquitectura no noso país.

# OBRADOIRO TRAZO

Autores del proyecto:

D. Rafael Baltar Tojo



D. José Antonio Bartolomé Argüelles

Fecha del proyecto: Octubre 1972

Fecha de ejecución: 1975

Municipio muy disperso, sin un importante núcleo dominante. El solar aportado está situado en una rotonda, en una plaza proyectada y todavía no ejecutada, a la cual se accedería desde una calle que parte de la carretera.

Debido a ello se proyectó un edificio de planta circular de tal forma que los accesos y las dependencias más





representativas tuviesen vista a la calle de acceso, que coincide con la orientación norte, y las dependencias de trabajo con orientación más soleada.

Se pretendió conservar los elementos más representativos de las sedes municipales.


Consta el edificio de planta baja y piso.

En planta baja se sitúa el porche, vestíbulo, conserjería, calefacción y almacén.

En planta alta, salas de sesiones, despachos de alcalde, secretario y oficinas generales con atención al público.

Cuenta con archivos y almacenamiento en los espacios bajo cubierta.

En su exterior el edificio está tratado con hormigón visto en pilares, recubrimiento plastigranulado en macizos y cubierta granulada sobre base bituminosa. Carpintería de aluminio proyectante-deslizante.



## PONTECESURES

Fecha de proyecto: 1973

Fecha de obra: 1975

Arquitectos autores proyecto:

Dña. Pascuala Campos de Michelena  
D. Cesar Portela Fernandez-Jardon

Arquitecto obra:

D. Cesar Portela Fernández-Jardon


Aparejador:



D. Agustín Portela Paz.


Preocupación urbanística de ligar dos vías de la Villa a diferente nivel, comunicándolas por escalinatas situadas a ambos lados del edificio y de tratamiento espacial interior, considerando factores importantes el color y la integración exterior-interior.

Muros exteriores de hormigón armado que sirven de cerramiento y soporte de cerchas de tubo de hierro.


En la planta a nivel de accesos se encuentra un gran vestíbulo, oficinas generales y Salón de Sesiones, todo ello a doble altura y separado espacialmente por unos volúmenes transversales que, a una altura de 3 m. sobre el nivel del suelo, van de muro exterior a muro exterior y en los que se ubican los despachos de Alcalde, Secretario, Interventor y Sala de Juntas. Todas estas dependencias elevadas se comunican a través de una pasarela a la que se tiene acceso desde el vestíbulo y desde las oficinas. La separación entre Vestíbulo, Sala de Juntas y Oficinas es a través de mamparas de vidrio y dobles puertas que permiten convertir toda esta planta en un único espacio.








18



Oficinas. Sala de juntas.



*La separación entre vestíbulo, sala de juntas y oficinas es a través de mamparas de vidrio y dobles puertas que permiten convertir toda esta planta en un único espacio.*



# FORCAREI

OBRADOIRO

Arquitecto:  
**J. Manuel Gallego Jorreto**  
Fecha de proyecto: 1974

## ASPECTOS URBANISTICOS

1. Respetar y potenciar en lo posible el actual conjunto, plaza-atrio de la iglesia-iglesia antigua.
2. No interferir la vista de la iglesia ni de la plaza desde la calle central de Forcarei (calle del Progreso).
3. No alterar en lo posible la actual imagen urbana del conjunto.
4. Conservar el actual acceso a la iglesia (Cr. al Cementerio) como eje viario peatonal que da animación al conjunto (iglesia, feria, fiestas).
5. Conservar la conexión con el camino prolongación del acceso al cementerio que existe al otro lado de la calle del Progreso.



6. Incorporar el ayuntamiento a la plaza, creando zonas de estancia pública cubiertas.
7. Dar acceso rodado al ayuntamiento independiente de la calle del Progreso, eje urbano principal.
8. Conexión de este acceso rodado con la iglesia, aun cuando en los planos facilitados por el Ayuntamiento, se observa el proyecto de un nuevo acceso a la iglesia por su parte sur.
9. Conservar la conexión rodada iglesia-cementerio-rectoral, difícil de realizar por el nuevo acceso proyectado por el Ayuntamiento, sin cortar el espacio del atrio.
10. Facilitar en lo posible un acceso rodado a instalaciones eventuales en la plaza (instalaciones de la fiesta) y demás espacios públicos.
11. Relegar a un segundo plano la situación de las viviendas.
12. En la solución adoptada en el viario, se ha tenido, además, en cuenta la carretera existente más al norte con salida a la calle del Progreso, que permite encauzar por ella el tráfico más importante y pesado de la feria, cementerio, guardia civil e, incluso, de la iglesia.

## PLANTEAMIENTO VOLUMETRICO DEL EDIFICIO



1. Independencia de la zona administrativa.
2. Carácter de edificio público y representativo-basamento.
3. Relación con la Plaza circundante y con la calle del Progreso.

## PLANTEAMIENTO ESPACIAL

1. Espacio continuo.
2. Indeterminación entre el espacio interior y exterior, mediante la creación de espacios cubiertos conectados con el interior y con los espacios públicos circundantes.
3. Unidad del suelo pétreo muy movido, diferenciando zonas y que penetra en la parte administrativa.
4. Unidad de cubierta y de iluminación en chaflán perimetral.
5. Flexibilidad que permite adaptarlo a cambios de funcionamiento, ya que la estructura de la cáscara envolvente es independiente.



ALZADO SUR - VIVIENDAS



## ○ FUNCIONAMIENTO

1. Zona administrativa-oficinas:
  - 1.1. Fácil orientación (entrada a media altura)
  - 1.2. Circulaciones independientes (público y empleados)
  - 1.3. Facilidad de adaptarse a variaciones del programa. En planta baja oficinas con módulos de muebles y en alta con mamparas transparentes.
  - 1.4. Aseos públicos a cota de entrada.
2. Zona pública.
  - 2.1. Carácter público de los actos municipales.
  - 2.2. Posibilidad de utilización para otros usos.
  - 2.3. Incorporación, en caso extraordinario, de las sala de comisiones y justicia.
  - 2.4. Cierta independencia de la zona administrativa, que permite economizar energía eléctrica, calefacción... etc., en su funcionamiento normal.


2.5. Creación en la planta baja del salón de actos, de una zona de reunión pública. En esa zona se ha tenido en cuenta lo siguiente:



- 2.5.1. Su independencia, como zona de estancia, de la calle.
- 2.5.2. Su conexión espacial y visual con la calle y con la plaza.
- 2.5.3. Su diseño pensando en una zona de posibles representaciones tales como teatros infantiles..., etc.

El enlace entre los dos conjuntos, zona de salón de actos y administrativa, se realiza mediante dos puentes, en los que se sitúa la zona representativa alcaldía y juez, zona más alta y central del edificio. En ella se podrá situar el balcón representativo.

## MEMORIA CONSTRUCTIVA

1. Estructura:
  - 1.1. De cerramientos y cubierta. Pilares metálicos y cubrición mediante cerchas formando una cubierta estere.
  - 1.2. En el salón de actos el suelo se apoya en los mismos pilares que sirven de sostén a la cubierta
2. Suelos:
  - 2.1. Pétreo en basamentos y todas aquellas zonas de plaza cubierta, escaleras incluso la de acceso al salón de actos.
  - 2.2. En primera planta suelos ligeros continuos, tanto en oficinas como en salón de actos y comisiones.
  - 2.3. En planta baja de zona administrativa, pavimento continuo antipolvo, que se continuará en zócalos y paredes de los núcleos de aseos, únicos recintos cerrados, que no llegan a cubierta.
3. Techos: Material aislante y absorbente (Viroterm)
4. Cerramientos: Carpintería metálica (módulos de 0,875 mts.). Lunas Parsol incluso en chaflán lateral de fachada. En cubierta chapa metálica.





# OBRADOIRO FORCAREI

Fecha de proyecto: 1975

Fecha de Obra: 1979-80

Arquitectos autores proyecto:

D. César Portela

Dña. Pacuala Campos

D. Carlos Trabazo

D. Celestino García Braña

Arquitecto Dtor. obra:

D. César Portela Fernández-jardón

Aparejadores:

D. César Carrera Vázquez



D. Pedro Valverde



La obra responde a un proyecto que ganó el Primer Premio de un Concurso Nacional de Arquitectura, y está emplazada sobre una pequeña plataforma del terreno que cierra por el norte la plaza principal de la villa, delimitada al este por la Iglesia Parroquial y Casa Rectoral y al sur y al oeste por edificios civiles de vivienda y comercio.

Las bases del concurso preveían el respeto máximo a la plaza, y un amplio programa de necesidades, que se intentó cumplir escrupulosamente en el Proyecto.

Este, como todo Proyecto, es una idea y una aproximación teórica a la obra en cuestión, que la realidad y el proceso constructivo se encargan de transformar casi siempre, como en el presente caso, en el que desde la redacción del proyecto hasta su ejecución, transcurrieron cinco años, y esto se refleja en importantes cambios de todo tipo: distribución interior, huecos exteriores e interiores, materiales y técnicas constructivas, pinturas.




La idea que presidió la obra era pretender integrar este edificio singular de extenso programa en una plaza que disponía de una morfología propia y





rodeada de edificios de tipologías y escalas muy precisas. Para ello se ordenó el programa de necesidades en cuatro volúmenes de diferente importancia que se ordenaron de forma que los más bajos, proporcionados al resto de las edificaciones del entorno, avanzaran hacia la plaza, relegando los más altos a un segundo plano, que prácticamente no se aprecian.

Los elementos estructurales horizontales y verticales y los cerramientos exteriores son de hormigón armado visto, y la estructura de cubierta y lucernario de estructura metálica. La carpintería exterior e interior de madera pintada, predominando en el exterior el color rojo y blanco. Las divisiones interiores, de fábrica de ladrillo, están aplacadas de terrazo, al igual que el solado.





*Aspecto interior del vestíbulo*

## OBRADOIRO A CAPELA

Arquitectos:  
Xosé Luis Martínez Suárez  
Xosé Manuel Casabella López


Data do proxecto:  
Novembro 1975


Data de remate:  
Setembro 1978

O concello de A Capela decideu construir o edificio da Casa Consistorial no lugar de As Neves, por ser este o punto máis céntrico do termo municipal, áinda que a zona sexa moi desabrigada e propensa ás nevadas e ventos fríos.

O programa que se nos ofrecía era o tradicional para pequenos concellos rurais que se reduce ás oficinas, sala de sesións e despachos. En sucesivas reunións con membros da Corporación chegouse á conclusión de que debía ampliarse o programa e introducir novas esixencias, tal como un *dispensario con sala de curas de emerxencia*, un *salón de actos* que permitise reunións dos veciños e con capacidade para 80 ou 100 persoas, e lugar previsto para unha Biblioteca pública. Estas importantes ampliación trataránse como se fosen independentes do edificio administrativo, con entradas proprias que permitisen o seu funcionamento autónomo e déronlle ao proxecto un interés que nun principio non tiña, superando o carácter de edificio administrativo.

O presupuesto do edificio condicionounos grandemente no emprego de materiais "pobres" e na selección dos elementos arquitectónicos que interveñen na composición xeral, para darlle a "imaxé" recoñecíbel de edificio público.







O edificio organízase en cinco niveis que se corresponden coas funcións que albergan. No primeiro nivel o lugar previsto para a Biblioteca e arquivos con entrada independente; no segundo nivel o salón de actos con aseos e roupeiro, que tamén conta con entrada independente desde o exterior; no terceiro nivel a entrada e portería con sitio previsto para o recaudador da contribución, xuzgado municipal, e posíbeis exposicións de documentos; no cuarto nivel as oficinas administrativas; no quinto nivel os despachos do Alcalde e Secretario e sala de reunións.

Esta separación en niveis das distintas actividades do edificio foi intencionada para que a propria situación e accesibilidade fixasen a sua posición no espacio e permitisen a comunicación visual do conxunto.

Os materiais empregados foron elexidos rigurosamente en función do coste e durabilidade para resistir as condicións desfavorábeis do medio climático tan extremado. Así usóuse para a carpintería exterior módulos de hormigón de 1x1 m., tipo Bein. Os elementos estruturais (columnas, muros curvos resistentes e muro de coronación), construíronse de formigón armado que se deixou visto e os muros de cerramento de ladrillo pintados. Os pavimentos fixáronse de madeira no nivel dedicado ao executivo municipal e de goma Pirelli no resto do edificio.


En canto á relación do edificio co entorno, tívose moi en conta a prolongación do interior a través de escaleiras e plataformas que ao mesmo tempo facilitan a creación de espacios exteriores necesarios para desenrolar actividades complementarias da función pública, e sinalan as entradas diferenciadas do salón de actos, do dispensario e da posíbel Biblioteca e arquivo. Por outro lado, o aspecto xeométrico exterior do conxunto producido polo uso extensivo do módulo de carpintería e da retícula da





SECCION D



SECCION B



PLANTA SOTANO E ANFITEATRO

estrutura que queda vista en todas as suas partes, contrasta co trazado más espontáneo e libre das aceras e plataformas exteriores e favorece a integración do edificio no impersonal medio no que se levanta.

Quixera decir, para rematar, que estivo no noso ánimo conciliar as formas producidas polas novas necesidades e novos materiais e tecnoloxías coa tradición arquitectónica galega. Penso que non será difícil recoñecer as partes influenciadas nas galerías, na posición dos fornos da casa rural, no emprego da cor na casa vilega, sen necesidade de que a cita ou a inspiración sexa literal, mimética.



*Espacio ocupado polas oficinas administrativas.  
Entrada, portería e espacio previsto para o recaudador de contribucións, xuzgado municipal e posíbeis exposicións de documentos.*

Por outra parte, cabe tamén falar das orixes ou prefiguracións anteriores do modo de tratar as ladeiras para rentabilizalas máis. O sistema de bancais, terrazas ou socalcos dérivate das anteriores configuracións existentes nos arredores dos castros. "Arredor de numerosos castros —di Bouvier citando a López Cuevillas— encóntranse sistemas de socalcos ou terrazas en anelos ou festóns irregulares que se ordenan dunha maneira aproximadamente curvilínea en torno á coroa cimeira do elemento fortificado" (7). En tanto que os castros e antecastros están fortificados e sostidos por grandes contrafortes, as terrazas más baixas están sostidas por muretes de pedra ou feitos con terróns ou pola mezcla de ambos materiais. Estas terrazas, segundo se desprende dos restos e da sua restitución fotográfica polos vós aéreos, estaban sulcadas por camiños e carreiros que, ao descer progresivamente pola encosta, dibuxaban grandes cóbados. Estes camiños, normalmente, estaban na beira exterior do socalco e a sua función era a


de servir ás terras cultivadas nas que se encontraban. Pódese afirmar, xa que logo, que tales configuracións de socalcos arredor dos castros son os exemplos nos que posibelmente se basou a arquitectura da terra do viño.

De todos os socalcos e de todas as concas vitivinícolas de Galicia, a que máis levo estudiado é a marxe dereita do Miño na zona de Belesar. Nela os socalcos forman unhas terrazas orientadas ao sur ou lixeramente ao suroeste, na que todos eles son sensiblemente paralelos, como se fosen curvas de nivel da aba enormemente pronunciada. Os muros de contención das terras son de mampostería de cachote seco, aparello similar aos existentes nas construcións dos asentamentos poboacionais veciños. Na estrutura deste socalco existen uns eixos ou camiños de penetración que chegan mesmo deixa adegas de duas plantas. Estes camiños baixan lentamente pola encosta e rematan nun fondo de saco onde se encontran as devanditas adegas; o recorrido, como é lóxico, transcorre paralelamente ás liñas dos socalcos. Desde estes fondos de saco desvíanse, ou nacen, unhas corredoiras estreitas que dan acceso a outras viñas. Desde esas corredoiras saen uns eixos transversais onde, ás veces, se canaliza a torrenteira, en exclusiva ou convxuntamente cun carreiro. Estes eixos, a maioría das veces, son escalonados para facer máis doado o transporte da uva nos culeiros. As dimensións, ao ancho, son reducidas e difícilmente solucionan o cruce de dous vendimadores, se non fose porque un deles volta de valeiro e poderá apartarse e deixar paso ao que ven cargado. Perto deste eixo transversal ou na corredera lonxitudinal encóntranse adegas dunha planta, testimuiñas dunha unidade de explotación ou viña e que poden ter unha porta ou duas. Dos eixos transversais que, a maioría das veces, están resoltos como escalinatas sen fin, surxen uns eixos

lineais, horizontais, nos muros do socalco (éstes máis anchos), que chamaremos "eixos lonxitudinais terciarios" e que, os máis, son a definición dos lindes lonxitudinais, como os eixos transversais escalonados son, ou pueden ser, lindes transversais. Outras veces as canalizacións das torrenteiras fan o servicio de lindes transversais. Desde o camiño ou corredera lonxitudinal ás viñas existen unhas escaleiras de 6, 7 ou 8 degraus, segundo os casos, para dar acceso á primeira terraza da viña. Estes degraus están feitos con pedras que, encravadas no muro, serven para recoller os pes do vendimador. De socalco a socalco sóbese por outra de 3 a 5 degraus, e máis rudimentaria.

As medidas dos muros do socalco, sacada a media entre os do Sil e os do Miño na zona de Amandi e de Belesar, como en Larouco ou o Bibei, dan resultados semellantes se semellante é a pendente que teñen estas ladeiras. Se cada socalco acolle unha fiada de estacas, a anchura media do seu muro é de 60 a 80 cm., a altura de 60 a 80 cm. e o ancho da terra recollida no socalco é tamén de 80 cm. Desde logo, estas medidas varían moito, pero pódese acoller esta afirmación considerándoa como unha primeira aproximación ao estudo dos socalcos.

Outra tipoloxía de socalcos é a dos existentes nalgunhas partes do val do Miño, no solar do mosteiro de San Estebo ou no Ribeiro (Berán, Leiro). Éstes conteñen máis dunha liña de vides, que, como as anteriores, se reciben tamén en estacas. Pódese presumir que canto maior sexa o número de liñas de vides os muros do socalco adoitan ser máis altos, polo tanto aumenta o seu espesor e tamén, como é lóxico, o número de degraus para subir dun socalco a outro. Tamén se pode presumir, dado que este traballo é unha primeira aproximación, que as escaleiras non funcionan aquí paralelas ao muro, senón perpendiculares ao mesmo,



Berán (Leiro), arquitectura dos socalcos.  
Foto aérea de Berán.


penetrando nel deica o seu extremo. O muro ás duas bandas da escalaera tamén se configura. Numerosos exemplos do anterior pódense apreciar no Ribeiro, perto de Leiro (Berán). Os camiños de acceso aos viñedos soen coincidir coas estruturas existentes entre os asentamentos poboacionais.

#### AS ADEGAS


Cando a arquitectura da terra do viño toma este aspecto, maior desenrollo e mellores muros, aparello, camiños, escalaeras e carreiros, a arquitectura dos socalcos adquire maior monumentalidade. Esta monumentalidade do conxunto é a resultante da suma de varios sectores: a arquitectura da vivenda, da aldea (asesentamentos poboacionais), dos socalcos, etc. Nesta monumentalidade ou arquitectura de maior escala as *adegas* encóntranse xuntas coa vivenda e debaixo dela, nos baixos das casas. No primeiro caso de socalcos, as adegas estaban illadas e eran o centro das viñas alonxadas e aforadas polos mosteiro;



nelas pisábase a uva e cultivábase o viño. Da orientación das fachadas destas adegas non se tiran conclusóns idénticas que definirían unha tipoloxía única, pero é certo que predomina unha sobre as demás. Nesta o tellado é dunha soa auga e paralelo á pendente do terreo ou dos socalcos. A entrada realizaase fundamentalmente polo este; esta fachada está protexida por un parral ou *lata* do que a estrutura se basa sobre esteos de madeira de castiñeiro rematados nunha galla onde apoian outros paus de castaño, chamados xugos, que van atados uns aos outros con bimbios. Este parral ou lata fai tamén as veces de lagar ao ar libre. A cara norte da adega está semienterrada e a cara sur, más baixa, xa noutro socalco inferior, soe estar tamén algo enterrada e protexida polas cepas que lle dan sombra para conseguir o apropiado ambiente de frescura. Outras veces tamén se colocan parras ou latas que, a modo de enredadeiras, impiden pasar os raios do sol e a calor exterior. A cara oeste está tamén algo enterrada. Sóese



Berán. As escaleiras dos socalcos.



Adega nos socalcos con coberta a unha auga (Belesar).


aproveitar ademais a existencia dalgún elemento natural como rochas, algunha árbore, regato, etc., que protexen a adega dos soles baixos de poente, ainda que, por veces, este sol é pouco intenso, pois o terreo accidentado destas concas encarrégase de paralo.

O tellado está formado por un entramado estrutural composto por trabes ou vigas que apoian nos muros de

carga e peche de cachotes; sobre estes pontóns, e facendo de leito para receber as tellas romanas do país, están os entablillados chamados latas. Os muros son de mampostería de cachote colocada en seco e sen encintar.

Nesta mesma estrutura de socalcos, Belesar, ao final dun camiño de penetración, encontrábase unha adega de duas plantas, que era onde

presumibelmente se recollían os foros; nelas dormían e vivían os frades ou os seus emisarios en tanto se facían as vendimas nas viñas aforadas, xa que estas vendimas non se facían ao mesmo tempo, porque os cultivadores seguían, e ainda mantelén, un réxime cooperativista de traballo en épocas de vendima, distribuindo o traballo colectivo ao servicio dos componentes



Adega nos socalcos con coberta a duas augas (Belesar).


do equipo. Esta forma deu paso aos xornais, que sustituen a este traballo cooperativo. Por todo iso, estes frades tiñan que facer unha espera un pouco longa, para logo iren facendo o seu viño e cultivalo, trasladándoo finalmente en pelexos de pel de año ás casas matrizes (mosteiros).

Nos cóbados de Belesar, perto da carretera de Chantada a Monforte,

existe ainda unha adega de dous andares que se segue a chamar "bodega ou casa da Orde". Na zona de Amandi existe tamén outra adega coas mesmas características e denominación. Estas edificacíons teñen no segundo andar unhas divisíons para habitación ou celdas.

En Pantón, perto de Monforte, consérvase o que hoxe chaman

"priorato", antiga adega de enormes dimensíons ( $34 \times 8$  m. e 5 de altura e avoutada), lugar onde presumibelmente se recollían tamén as uvas do viñedo existente nese lugar, así como as das viñas dos arredores aforadas aos habitantes daqueles lugares. Estes foros déronse aos veciños de Pantón polo mosteiro bieito de San Vicente do Pino, existente perto do castelo dos Lemos en Monforte.




Nestas terras os viñedos encóntranse hoxendía mesturados con outros cultivos e pódese decir que esta paisaxe, esta arquitectura do territorio do viño, é menos accidentada que as ribeiras do Miño e do Sil. Esta arquitectura do territorio encóntranse nas abas suaves do val de Lemos, os bancais ou socalcos son moito más extensos e para podelos perceber temos que botar olladas moi longas; entre eles, as adegas encóntranse perto dos asentamentos poboacionais por comodidade e tamén por seguridade.

Tamén no concello de Pantón, no lugar chamado O Castro e máis exactamente en Os Castriños, a media ladeira dun castro ali catalogado, encóntranse unha adega orientada ao norte (a fachada da porta), dun só plano e debaixo dunha carballeira que lle dá unha sombra permanente durante o verán. Esta adega ten o lagar a xeito de pre-adega, existindo nela outra porta que dá entrada á segunda estancia, case materialmente enterrada no terreo. A fachada sur case non existe e coincide presumiblemente cun murete dos socalcos da aba. O lagar ten, ademais da porta, outros tres ocos, tres ventanucos verticais de 10 x 30 cm. aproximadamente. No interior da adega pero, como dixemos, a modo de pre-adega atopamos o lagar, recinto onde se pisa e se fai o viño. Na parede intermedia entre aquél e a adega propriamente dita existen tamén uns ventanucos baixos para ventilación, que tamén se logra por medio da porta de

*Adega de duas plantas: "Priorato" de Pantón, antiga adega do mosteiro de S. Vicente do Pino, en Monforte.*

Adega en os Casirinos, Panón, co tagar na parte dianteira do interior.  
Adega da casa de Folles (Panón), con dous corpos: un de dous andares e outro dun andar, cun corredor dianteiro e lagar no interior.






Adega con coberta a catro augas en Ferreira de Pantón

entrada, que é feita con barrotes horizontais separados entre si, a modo de reixas. A ventilación cérrase cruzando a estancia e saíndo a corrente de ar fresco, provocada por esta especial ubicación, polas ranuras existentes no tellado. Pódese decir que a chaminea de ventilación é toda a cuberta. Neste mesmo concello existe unha adega cunha significada chaminea que parte da zona alta da fachada posterior; na fachada anterior a corrente de ar tamén se inicia por medio duns ventanucos baixos e o enreixado da porta.

En ambas as adegas a estrutura do tellado tamén está formada por trabes, pontóns, latas e tellas, e éste é paralelo á pendente da ladeira.

Outro tipo de adega aparece no lugar de Follés, tamén en Pantón. Está composta por dous corpos. O primeiro cun corredor diante das adegas. Éstas teñen lagares como os citados anteriormente, con portas enreixadas de madeira e unha contra que as pecha no momento oportuno. O segundo corpo de adegas da casa de Follés ten dous andares. No primeiro encóntrase a adega cunha soa estancia e o seu teito de madeira é o piso do segundo andar, resolto tamén en trabes, pontóns e piso; neste segundo andar colócase a provisión de herba para o inverno, que no verán funciona como elemento illante. Chégase a esta segunda planta por medio dunha esqueira que se coloca diante do ventanuco que está por riba e no mesmo eixo da porta de entrada. Estas adegas do segundo corpo non teñen, como as do primeiro, un corredor diante, pero os dous corpos áchanse unidos. En ambos os dous, as paredes do fondo confúndense coa terra ou rocha da ladeira.

No segundo volume da *Historia de Galiza*, escrito por D. Xaquín Lorenzo, dáse unha descripción da adega unida á casa, da que se di: "Búscase o lugar máis fresco e alí se instala o *lagar* (...). O chan adoita sere de terra cunha



Socalcos e adega solagados polo embalse de S. Estebo.

camada de sábrego, atopándose algunas laxeadas" (8).

Noutras páxinas fala tamén da adega como feito illado fóra da vivenda, "con obxeto de elaborar e gardal-o viño (...). Moitas destas *adegas* teñen a parede do fondo escavada nun desnivel, compretándose a obra con tres muros (...). Debendo seren as *adegas* ben frescas...". (9).

"Hai outro tipo de *adegas* destiñadas somentes a gardal-o viño, que se coñecen en moitos sitios co nome de *minas*. Son unha especie de covas abertas no sábrego (...). O comenzo ou entrada consiste nunha zanxa máis ou menos longa (...) que remata nunha parediña transversal provista dunha porta, a seguir da cual se atopa a excavación subterránea en que se gardan as vasixas co viño. Nalgúns, denantes da porta, vense ós lados uns banquiños de pedra...". (10).

Semellantes a éstas citadas por Xaquín Lorenzo son as covas da zona de Valdeorras. Nelas chégase á adega, da que a sección é un casquete esférico feito no interior do subsolo, por medio dun túnel suficientemente ancho a xeito de pre-aadega ou lagar. Desde el báixase por unha escaleira á adega. Dentro desta existen outras excavacións más pequenas onde se colocan outras tantas cubas. Na vouta da cova encóntrase

unha chaminea de ventilación tan longa como sexa necesario para acceder ao exterior. A porta de ingreso ao túnel ten un enreixado de ventilación permanente que dá comezo á corrente fresca para extraer os "tafos" que se producen ao fermentar a uva.

Con esta tipoloxía definida por D. Xaquín Lorenzo, como xusto homenaxe ao grande historiador da cultura material de Galicia, damos por terminada esta primeira aproximación para a comprensión da arquitectura da terra do viño.

Vemos que é necesario concebir sempre a arquitectura do territorio (a da terra do viño é un exemplo) como un elemento de cultura material de escala superior, de grande escala. Dunha forma unitaria só houbo aquí un pequeno intento de aproximación á estrutura dos socalcos como un elemento máis desa cultura material, que non se poderían separar, pois forman un corpo solidario, das adegas, a paisaxe, a estrutura xurídica da propiedade, etc. Polo tanto, socalcos, adegas, camiños, corredoiras, e tamén as aldeas empoleiradas nas que por unha cota ou terraza se entra no baixo da casa, e por outra na vivenda, forman o que ao longo destas ousadas liñas chamabamos a Arquitectura (de maior escala) da terra do viño. Organización especial para a

creación dun ambiente máis propicio para a vida dunhas comunidades, dun país, connatural coa sua historia e a sua cultura.

Estruturas áinda hoxe existentes, a pesar dos incendios forestais e dos solagamentos producidos polos embalses construídos desde a nosa guerra civil. Para rematar, somente cabería decir que sería necesario arbitrar algún tipo de protección histórico-artística a este legado importantísimo de cultura material, da que o noso país é tan rico en exemplos.

(1) Aldo Rossi, *La arquitectura de la ciudad*, Gustavo Gili, Barcelona, 1976, 51.

(2) *Ibidem*, 57, cit. a Milizia.

(3) A. Bouvier, *La Galice*, La Roche-sur-Yon, 1979, 1363, nota 190.

(4) Para comprobar esta afirmación abonda con botar unha ollada aos traballois documentais de E. Duro Peña, *Coleccións documentais* dos mosteiros de San Estebo de Ribas de Sil, San Pedro de Rocas, Catedral de Ourense, así como a Carta Puebla e Fueros da cidade de Ourense.

(5) Vid. *Coleccións documentais* de Duro Peña.

(6) A. Bouvier, *op. cit.*, 1371. "... por tal preito e condición que a labredes e paredes bem...".

(7) *Ibidem*, 1338.

(8) X. Lorenzo Fernández, *O home*, t. II da *Historia de Galiza*, dir. R. Otero Pedrayo, Nós, Buenos Aires, 1962, 105.

(9) *Ibidem*, 128.

(10) *Ibidem*, 129.

Señor Presidente, señores Académicos:  
Miñas donas, meus señores:

No momento en que fun proposto como membro desta Academia de Ciencias, ademáis de recoñecer o inmerecido do meu nomeamento, viñeron á miña mente unha serie de ideas que poderían xustificar a presencia dun «Arquitecto» nesta Academia; non dun determinado arquitecto, senón do Arquitecto en xeral.

Pensei nalgas que lera días antes. Lembrei un traballo de D. Domingo Antonio de Andrade, que, hai case tres séculos, se esforzaba en demostrar que a profesión de Arquitecto, que el exercía, era algo moi importante, que era moi antiga e que xente principal a tiña moi considerada e, ademáis —isto quería que quedase ben establecido— que a *Arquitectura é unha Ciencia*.

É evidente que hoxe, para facer que a Arquitectura sexa transmisíbel e ensinábel e para poder establecer metodoloxías relacionadas co proceso proxectual, fálase frecuentemente do carácter científico da Arquitectura; do binomio Ciencia-Arquitectura; da Arquitectura como Ciencia, así como se falou noutro tempo da Arquitectura como Arte.

Mais descúbrese, non xa en Andrade, senón en tratados moi anteriores, que o interés por resaltar o carácter científico da Arquitectura ven tamén de antigo.

Non se me oculta que algúns, ao asociaren Ciencia e Arquitectura, poidan pensar neses números, nesas matemáticas que acompañan a todo cálculo ou a todo dimensionamento. Pero non é a este contido ao que me vou referir, senón a outro que non sempre se fai notar, que ás veces nem sequer existe e que se intenta en interés da transmisión e de xeneralización do proceso proxectual.

O feito de ter elexido o título de «DETERMINACIÓN DA ARQUITECTURA» ou se cadra o de «Determinación do proceso arquitectónico», fixeno pensando na contraposición que supón a *indeterminación* que se asocia ao mundo da Arte, un mundo con infinitas respuestas a cada cuestión e á *determinación* do mundo da Ciencia, onde os problemas deben ter respuestas concretas, solucións determinadas.

#### A DETERMINACION DA ARQUITECTURA

O concepto de Ciencia implica un procedimento e unha coherencia co coñecemento, cunha posibilidade de análise de propostas teóricas confrontábeis coa súa aplicación (Ciencia pura e Ciencia aplicada) e a posibilidade de evolución paralela a ese coñecemento; implica tamén a revisión permanente de propostas e a integración destas, como enunciados, cando foron comprobadas.

A lo largo dos derradeiros séculos, a Ciencia e a Arte marcharon por camiños bastante diferentes, extraguéndose en certos casos un fermento sensíbel a algún sector da ciencia ou confiando a creación artística á sensibilidade exclusivamente.


Mais hoxe, nalgúns aspectos, comezan a confluir os camiños e os procesos do pensar e do sentir, quizás porque, ao ser máis difícil de abranxer individualmente o ámbito total dunha rama da ciencia, intétase unha visión que comprenda, ademáis, diversos campos, de xeito que esta visión permita perceber unhas peculiaridades relacionadas tanto cun proceso sensíbel como con procesos racionais.

Por outra parte, no campo da Arte, e máis concretamente no do deseño, acrecéntase o interés pola normalización de métodos e o establecemento de normas e modelos, como nun intento de limitar o seu campo, xustamente cando as limitacións son menores e maior o número de alternativas.

# A DETERMINACION DA ARQUITECTURA

discurso de Rafael Baltar no seu ingreso  
na Academia Galega das Ciencias





Sinalábase que hoxe «os científicos tentan de pór énfase no que de intuitivo e irracional hai na súa obra, mentres que os artistas se esforzan en resaltar aquilo que de científico e racional hai na súa». Pero, se apesar de todo, non sempre se produz un total entendimento entre a Ciencia e a Arte, haberá que pensar que con frecuencia acontece o mesmo entre as diferentes ramas da Ciencia e as da Arte.

IONA FRIEDMAN é un deses homes interesados en facer do deseño e da Arquitectura en xeral, unha ciencia obxectiva, para o cal trata de establecer unha relación de posibilidades, de solucións posíbeis e de axiomas como limitación, nun afán de que o proxecto e o ensino do proxecto queden integrados nun proceso racional e científico.

Tamén ALDO ROSSI afirma que, cuns coñecimentos como os actuais xa podemos elaborar «un principio xeral da Arquitectura». «A Arquitectura como Ciencia e a aplicación da formulación de edificios» trátase dun procedimento científico aplicado, conducente a un fin práctico, tal como o enfocara VIOLET-LE-DUC quen, baseándose no ensino que a casa nos transmite, en canto a formas de vida e aplicación tecnolóxicas, e na lenta transformación de ambos factores, ao estudar planimetrias individuais e de conxunto, pretendía obter un sentido de desenrolo do proceso proxectual. Viollet-le-Duc, como outros, trata de axustar a investigación arquitectónica a procedimentos científicos para que poda ser interpretada nun contexto racional que permita a súa xeneralización e a súa transmisión.

Son moitos máis os que coidan que o método científico no deseño é apto non só para a resolución de problemas de investigación, senón tamén para que a través dun orde e unha clasificación axude ao deseño e poda proporcionar a idea que suxira solucións creativas.

Trátase, pois, de centrarmos a nosa atención sobre certos aspectos científicos da Arquitectura: tense dito moito sobre a Arquitectura como Arte e cando se establecen relacións entre a Ciencia e a Arquitectura estanse facendo, con frecuencia, referencias á aplicación da Matemática ou a Física ao campo do cálculo de resistencias, do comportamento de materiais ou ás cada vez más complexas instalacións, pero non referidas ao contido da Arquitectura en si, a procedimentos relacionados coa ordenación espacial e a sensíbel concreción deste orde.

A arquitectura fúndese coa construcción para materializar os espacios; inflúe unha na evolución da outra; o sentir plástico e estético varía, entre outras cousas, en orde a determinados progresos construtivos e, porén unha técnica ou tecnoloxía avanzada non ten por que producir unha forma de vida máis avanzada, nem tampouco unha forma de vida nova ha apoarse en fórmulas construtivas revolucionarias. O novo, en Arquitectura, está máis ligado ao conceptual que é forma de expresar a novidade.

O interés por dotar ao feito artístico dunha apoiaatura científica pérdese na historia da Arquitectura, e o afán por utilizar algúna metodoloxía limitadora das posibilidades de resolución do problema proxectual non é exclusivo da nosa época, en que o número de opcións é maior e donde procuramos establecer un orde e buscar claridade nunha especie de confusión de tendencia.

Os tratados de Arquitectura, polo menos os que chegaron até nós, son relativamente recentes dentro da propria historia, pero podemos observar, polos resultados de moitas arquitecturas, a evidencia dunha base científica que conduciu a determinados resultados formais; limitándonos aos tratados coñecidos, un dos primeiros débese a VITRUBIO, arquitecto romano do século I. Nos seus escritos evidénciase o interés por salientar o carácter científico da Arquitectura que describe. No discurso «Da esencia da arquitectura e as institucións dos arquitectos» comeza definindo a Arquitectura como *unha ciencia* adornada doutras moitas disciplinas e coñecimentos «polo xuicio da cal pasan as obras das outras artes. É práctica e teórica...»; e máis adiante sinala que «ten,

como as demás artes, principalmente a Arquitectura, aquelas duas cousas de significado e significante. Significado é a causa proposta para se tratar. Significante é a demonstración das cousas con razóns científicas. Polo que parece, debe estar exercitado en ambas as duas o que se queira chamar arquitecto».

A Arquitectura, que a xuicio de Vitrubio, comprende outras ciencias e outras artes, é analizada por el nas suas partes, unhas que relaciona directamente con apreciacións sensíbeis e outras cun orde racional e científico. Se na Arquitectura intervén, segundo él, a ORDENACION, DISPOSICION, EURITMIA, SIMETRIA, DECORO e DISTRIBUCION, unhas, como a Euritmia ou o Decoro, relacionanse con aspectos e apariencias; outras, como a Ordenación, Simetría e Distribución, poden ser analizadas nun proceso ordenado referido a relacións armónicas e correspondencias entre o todo e as partes (este é o sentido clásico da Simetría) ou ao emprego racional dos materiais, ou á adecuación ao lugar, ao fin ou á economía.

Nun afán de xeneralización, tenta de encontrar apoio racional ás leis de proporción e «simetría» que contribuen á beleza da composición arquitectónica. Establece correspondencia entre as leis de composición e os sistemas de medida que relacionan o corpo humano, o usuario, coa obra de arquitectura. Medidas como «o dedo», «o palmo», «o pé» e «o cóbado» que se utilizarán, ademáis, en función do número perfeito, número que para Platón sería o dez ou para os matemáticos o seis, ou para outros unha combinación de ambos: o dazaséis.

De todos os xeitos, utilizadas estas medidas en función dun número máis ou menos perfeito, a relación de beleza que pretendía establecerse para a Arquitectura a través da proporción e da simetría, viría dada como función de relacións establecidas a partir do corpo humano.


Por primeira vez, seguramente, clasifícase tipolóxicamente a producción arquitectónica do momento. Vitrubio clasifica os templos conforme á sua posición, número de columnas, intercolumnio e, por suposto, o ORDE arquitectónico a que pertencen, entendendo por ORDE arquitectónico o conxunto de pedestal, columna e entablamento, como versión en pedra que parece derivarse de antigos templos de madeira.

Vitrubio descrebe tres ORDES: DORICO, XONICO e CORINTIO e só cita o TOSCANO; o quinto, o COMPOSTO, incorpórao ALBERTI no século XV. Vitrubio non profundou no estudo dos ordes tanto como o farían, posteriormente, algúns arquitectos do Renacemento, tentando de estudar a armonía que preside a obra de arquitectura clásica, armonía que, en principio se supuña inherente aos ordes, pero que, segundo outros se baseaban nunha exaustiva relación de proporcións.

O arquitecto italiano SERLIO publica no século XVI un tratado sobre os cinco ordes, en que a medida de cada unha das súas partes é función da medida do radio da columna na súa base. Este radio é o MODULO do orde. Con este módulo e a adopción dun intercolumnio, xérase unha forma de desenrollo da obra arquitectónica dentro dun proceso científico, proceso que a acompañará até a aparición do movemento moderno e que, ao mesmo tempo, será considerado como base da Arquitectura como Arte.

Ademáis de Serlio, outros arquitectos italianos do século XVI como VIGNOLA e PALLADIO, ou SACAMOZZI no século XVII, progresaron no estudo dos ordes e na súa aplicación, no seu uso independente ou combinado ou superpostos, e na disciplina matemática de relacións mutuas que constituía a esencia da composición referida á Arquitectura. Trátase dunha disciplina que permite unha certa liberdade de manexo e dentro desta liberdade conséguense distintos grados de beleza, beleza que sempre se suxou, na linguaxe clásica da Arquitectura, inherente ao propio orde.

A Arquitectura romana, descendente da grega, resultou ser aquela que, por moito tempo, pareceu acumular a esencia da beleza arquitectónica. É aquela arquitectura que



descrebe Vitrubio e que recollen os arquitectos renacentistas profundizando no seu estudo. Estes estudos dos arquitectos do Renacemento, referidos principalmente a relacións modulares entre o conxunto e as súas partes, son aplicados científicamente durante o Neoclasicismo, constrúense edificios neoclásicos até épocas recentes e a lingua clásica acompaña as obras dos primeiros arquitectos do movemento moderno.

As regras clásicas de composición, que supoñen un conxunto de relacións entre elementos arquitectónicos, producen unha limitación de opcións. Noutro orde de cousas, sucederá o mesmo no movemento racionalista, onde as limitacións corresponden ao afán de aplicación ordeada e lóxica duns coñecimentos e unha experiencia.

Os camiños da Arquitectura analizáronse, sen prexuicios, durante o período do Neoclasicismo. Este período corresponde cronolóxicamente, coa Revolución Industrial. Aparece na segunda metade do século XVIII. Neste período prodúcense desaxustes, en principio, entre a Técnica, a Ciencia e a Sociedade, algúns tratan de reformalo todo e outros opóñense a calquera cambio. Estamos, ademáis, no século da ILUSTRACION. Todo se analiza e todo se cuestiona. Tamén se someten a análise as regras que rexen a Arquitectura desde o Renacemento. Algunhas parecen ter perdida a súa vixencia; até aquí, os elementos propios da Arquitectura clásica seguen usándose co mesmo criterio construtivo que séculos antes. Nestes momentos, un maior coñecemento dos materiais e o seu comportamento e a investigación sobre problemas de estabilidade e tensións permite que sexan usado dun modo máis racional.

Doutra parte, progrésase nos métodos de representación, a Xeometría Descriptiva que plantexa MONGE permite representar en plano as figuras más complexas, en distintas proxeccións simultáneas. Ademáis, melloran os sistemas de difusión que permiten que os avances se divulguen con maior facilidade.

A máquina participa tamén na tarefa edificatoria, directamente ou através dos materiais que han intervir na obra, conducindo a solucións que garanticen a súa rentabilidade.


Mais entre tanto progreso, o arquitecto segue dando atención preferente a un historicismo formal, establecendose unha clara disociación entre aqueles que se interesan polas cuestións técnicas e estes outros que o fan preferentemente pola faceta estilística. Así a medida que son maiores os coñecimentos no terreo construtivo, defíñese máis a actuación en dous campos: o da técnica construtiva e o da «Arte», abandonando o arquitecto o primeiro campo que deixa en mans do enxeñeiro. Fúndanse escolas Politécnicas, xa que no ensino humanístico das Academias non caben os temas técnicos que, día a día, adquieren maior importancia. Deste xeito, por motivos derivados dos cambios acontecidos na segunda metade do século XVIII, aos que non son alleos a Revolución Industrial nem o espíritu analítico da Ilustración, prodúcese unha situación na que a Arquitectura acaba por perder moito do seu carácter sintético.

Por baixo dunha lingua clásica de apariencia clásica prodúcense, pois, importantes transformacións e comezan a considerarse separadamente a composición arquitectónica e a ciencia da construcción, no campo da cal se profundiza e investiga segundo unha liña clara de progreso, en tanto que na composición arquitectónica aparece un período historicista no que se ensaia o resurxir dunha serie de estilos do pasado, como o bizantino ou o gótico.

Así concluí o século XVIII, dentro dunha procura de fórmulas, algunas asombrosas, como tentando liberar á arquitectura de fórmulas racionalistas.

Deste xeito, acompañados do Neoclasicismo, do Eclectismo e tamén do Neobizantismo, Neogótico e toda unha serie de «revivals» arquitectónicos, penetramos no século XIX. Ensáianse formas e deixase a outros a investigación e a práctica construtiva.

Á vista desta situación, resulta comprensible a aparición dunha figura como





VIOLET-LE-DUC, arquitecto francés que representa a aqueles que tentan de anunciar unhas bases sustentadoras da Arquitectura, de xeito que poida ser formulada a partir duns principios lóxicos e racionais. Por isto, moitos consideran a Viollet-le-Duc como o iniciador do movemento racionalista.

O termo «racionalismo» representa sobre todo unha forma selectiva de opción e aparece ao longo de toda a historia do pensamento. En Arquitectura representa unha postura renovadora que basea a súa actuación na análise e más na aplicación de fórmulas construtivas racionais.

Viollet-le-Duc, na súa obra, segue unha liña neogótica por considerar que contén o gótico un sistema construtivo claro, económico e axeitado aos materiais de construcción que lle son proprios e as solucións distributivas que se plantexan. Viollet-le-Duc posúi unha profunda formación científica e, ao adoptar o estilo gótico como axeitado ao seu pensamento, toma postura contra do eclecticismo e o clasicismo da Academia. O seu sentido da beleza arquitectónica baséase en criterios que derivan do uso apropiado dos materiais empregados na construcción e das necesidades marcadas pola función, o uso e más o destino.

Dentro deste criterio consegue victorias parciais frente á Academia francesa, conseguindo que a administración empreste, por un tempo, unha maior atención ao ensino de materias científicas e técnicas nas Escolas de Belas Artes, onde se ensinaba a Arquitectura.

A súa victoria foi só parcial, xa que na segunda metade do século XIX a Académia consegue a intervención do Estado e por un tempo vese de novo reducida a influencia dunha orientación científica e técnica no campo construtivo e vese incrementada a atención teórica de cara á Arquitectura clásica e renacentista.

Non se trata, como aponta BENEVOLO, dunha discusión entre a antigüidade clásica e o Renacemento contra os partidarios da Idade Media, o Gótico, como en momentos aparenta, senón unha loita plantexada por aqueles que cren que á Arquitectura debe proporcionarse, no seu ensino, unha sólida formación científica, para o cal deben crearse escolas de profesionais e non de «artistas».

Así, conforme se extingue o século XIX, tamén o fai un modo de entender a Arte e a Arquitectura. Debilitase o sentido academicista e prodúcese un proceso renovador que afecta á Cultura e más á Técnica. A Ciencia introduce novidades nas regras artísticas; estabelécense distintos campos de actividade debido sobre todo ao progreso do coñecemento, con tendencia a reunir as actividades do pensamento e do sentimento, conformándose unha cultura que, cunha visión que tende a ampliarse e a xeneralizarse, asentase sobre un mundo de especialidades.

No noso século non se perdeu, porén, a influencia do concepto clásico da beleza arquitectónica. Dixemos que os primeiros arquitectos do movemento moderno apoiáronse en criterios clásicos compositivos e as suxerencias aritméticas que o mundo antigo asociara á idea de beleza, seguiron considerándose, por algúns, como xeradoras de orde para a consecución non só de armonía e beleza, senón tamén dunha practicidade frente a un mundo de fabricación racionalizada ou de prefabricación. Poderíamos tomar como exemplo a LE CORBUSIER que, nun proceso dedutivo, apóiese sistemáticamente en conceptos claros e rotundos como basamento teórico. Le Corbusier adopta un módulo compositivo: O MODULOR. Trátase dunha aplicación aritmético-geométrica na que intervén a Sección Áurea.

Le Corbusier aplica á súa obra relacións contidas nos seus trazados reguladores. É un convencido de que certas funcións numéricas existentes entre as distintas partes do edificio producen, ao seren inconscientemente percibidas, efectos armoniosos que leván a beleza en si, tal como podía entenderse do clasicismo máis puro. Trátase de procedi-

mentos que controlan o desenrolo creativo do fenómeno arquitectónico dentro dun proceso análogo ao aplicado durante o Neoclasicismo cunha directriz racionalista.

Hoxe, para abordar científicamente o problema proxectual, séguense diferentes metodoloxías: uns céñtranse na análise e na investigación de todos os factores relacionados co programa funcional nos seus distintos aspectos e a análise particular de cada un deles, procurando obter através destas análises un camiño que conduza ao establecemento de determinados principios; a análise, como proceso especulativo, non ten por que desembocar nun proxecto, pero sí en situacions que evidencien tales principios aos que corresponderán unhas respostas que ademais podan ser xeneralizábeis.

Outras utilizan, para elaboración científica de propostas arquitectónicas, métodos de clasificación de elementos tipolóxicos; o proxecto interpretarase dentro dun ambiente xerado por conxuntos de elementos recollidos e clasificados sistemáticamente, de forma que nos axuden a descubrir o que hai de permanente e invariável dentro das formas.

Comezan por analizar un entorno arquitectónico, máis ou menos dilatado en relación co problema plantexado, tratando de illar unhas tipoloxías arquitectónicas ou ambientais. A partir do estudo das tipoloxías construtivas, descreve ALDO ROSSI unha sistemática conducente a adecuar a intervención arquitectónica ao seu entorno, de xeito que poda ser lida coherentemente dentro del. Clasificando tipoloxías reduce a súa realidade a certo número de tipos analizabeis que podan constituir invariantes morfolóxicos.


O proceso científico que Rossi nos descrebe comprende unha serie de etapas: delimitarse a área verbo do conxunto sobre o que se pretende actuar; analízanse as relacións entre esta área e o conxunto, relacións non só funcionais, senón tamén históricas, económicas, sociais, políticas... Sométense a estudio os levantamentos planimétricos e obsérvanse as distintas tipoloxías que conforman arquitectónicamente a área e as relacións que podan existir entre elas, até obter un cúmulo de información tal que nos conduza a posibilitar o establecemento de propostas formais, coerentes co entorno arquitectónico.

Existen tamén intentos para a sistematización e estudio, cun proceder científico, doutras tipoloxías tal como as ambientais, partindo do modo como cada grupo humano vive os distintos espacios arquitectónicos: o ambiente que crea cada forma de vida nun ámbito arquitectónico ao influir a actividade humana na configuración dun espacio: o Topolóxico, no que influi a actividade humana.

Trátase agora de tipificar esas actividades humanas, de comprobar coincidencias de costumes, de formas de vida e a superposición, ao longo do tempo, desas actividades e a relación entre elas e o espacio topolóxico, as tipoloxías físicas. Estabelécense relacións entre leis arquitectónicas e leis da Lóxica, comprendendo métodos de investigación relacionados coa Psicoloxía.

Outros factores que conforman as tipoloxías ambientais son incorporadas ao proceso do estudo sistemático das tipoloxías: entonacións cromáticas, volumes e texturas; a vexetación e astra a toponimia como indicadora dunha continuidade e evocación de actividades do pasado, xa que a realización entre este e o presente supón un fin en canto ao coñecimento, en canto a considerar aquilo que non só se evidencia, senón que é testemuño dunha evolución.

Revisando aspectos da relación Ciencia-Arquitectura, chegamos até o século XX, pasando por alto infinitade de detalles e precisións. Antes de rematarmos, porén, quixerá retroceder, por un instante, no tempo, para facer de novo mención de alguém que aquí en Galicia, se preocupou, hai uns tres séculos, de demostrar o sentido científico da Arquitectura. Trátase de Don Domingo Antonio de Andrade, que exerceu a súa profesión en Santiago a fins do século XVII e principios do XVIII.



Xa demos a entender cómo a Ciencia, neste período, adquirira un sentido práctico no resto de Europa; pero non en España, onde non se sentía a necesidade de aplicación da Ciencia, áinda que algúns tratados do momento viñesen acompañados dun certo contido matemático elemental.

Pois ben: Andrade, alén de nos deixar unha importante obra arquitectónica, deixounos un tratado sobre as «EXCELENCIAS, ANTIGUEDAD Y NOBLEZA DE LA ARQUITECTURA», onde pretende demostrar esta nobreza e antigüidade con razões avaladas pola Biblia. Así proba que Deus foi o primeiro arquitecto e que Adán foi o primeiro arquitecto entre os homes. O que Adán fose arquitecto demóstrao acudindo ao seguinte razonamento: se Caín, para matar a Abel, lle dixo: «Saimos fora, ao campo...», isto faille deducir que estaba «dentro»; polo tanto, xa existía a Arquitectura; non é difícil daquela supor quén puidera ser o arquitecto.

Según Andrade, Noé, Salomón e Moisés, foron aparelladores, pois que dirixiron as obras de construcción da Arca, do Templo ou do Tabernáculo, seguindo instrucións do Supremo Arquitecto.

Pero o que nos interesa agora non é cuestionar as argumentacións de Andrade ou a influencia vitrubiana de parte dos seus escritos, senón salientar a súa preocupación e facer cita dos argumentos que deica á demostración do carácter científico da Arquitectura. Para demostrar que a Arquitectura é Ciencia, emprega argumentos puramente filosóficos ou apóiese, como no resto da sua obra, nas Sagradas Letras. Así afirma: «...(que a Arquitectura sexa Ciencia) algúns o negan cando graves autores o defenden....» ou tamén que «non só é ciencia senón sabiduría». E a partir da definición: «A Arquitectura é unha *ciencia* que comprende ás demáis artes, polo xuicio das cales ou polo cal se proban a examinar todas as obras que as demáis artes perfeccionan», proba, en latín e máis en castelán, a validez desta definición con argumentos que polas súas características transcrebo textualmente: «...(na definición) a partícula Ciencia ten lugar de xénero porque por ela convén a Arquitectura coas Ciencias que non conveñen ás demáis Artes. As demáis partículas teñen lugar de diferencia porque as demáis Ciencias non comprenden Artes nen xuzgan obras. E non só consta a definición de xénero e diferencia, senón que nen é superflua nin diminuta, con que ten todas as calidades de boa definición. Digo tamén que se a Ciencia é a que se adquire por modo de demonstración, é a Arquitectura; segundo isto, a Arquitectura débese chamar Ciencia».

E por se alguém pode argüir «negando a menor» proba, con argumentación escolástica que sería excesivo transcreber, que se a Matemática é Ciencia, tamén o é a Arquitectura; e por se só se quer chamar Ciencia á que metafísicamente se adquire por demonstración e non físicamente, responde que «filósofos distinguiron tres tipos de xéneros de ciencias especulativas: Matemático, Físico e Metafísico, segundo o cal se trata do físico como de Ciencia».

Esta é a conclusión de Andrade. Se se citaron os seus argumentos, fixose máis coa intención de destacar unha inquietude, que non debía ser exclusiva del, visto o afán posto na demostración, que as argumentacións mesmas, tal vez non moi de acordo coas que serán usuais na Europa do século XVIII.

Todas estas reflexións que nun principio me fixera e que servirían para xustificar a presencia dun «Arquitecto» nesta Academia, quisen transmitírlelas a vostés en forma de rápido percorrido a través da historia da Arquitectura. Espero que en certo xeito podan servirlles a vostés para o mesmo fin e máis para tratar de demostrar cómo mediante a DETERMINACIÓN DA ARQUITECTURA, procesos indeterminados do campo do deseño arquitectónico transfórmanse en procesos racionais, conscientes, ao iren gañando parcelas á irracionalidade.

## EXCELENCIAS, ANTIGUEDAD, Y NOBLEZA de la Arquitectura.

### DEBAXO DE LA PROTECCION DE EL Excelentísimo Señor Don Ginés Fer- nandez de Castro, Conde de Lemos, Andrade, Villalva, &c.

P O R

DOMINGO DE ANDRADE , MAESTRO DE  
Obras de la Santa , y Apostólica Iglesia del Señor  
Santiago, Unico Patron, y Tutelar  
de España.

CON LICENCIA.

En Santiago: Por Antonio Frayz.  
Año 1695.

*Alzado da Torre do Reloxio ou Berenguela da Catedral de Santiago, segundo plano orixinal de Pons Sorolla.*

De todos os xeitos, o mundo das Ciencias é moi dilatado, e no campo da Arquitectura, como no de calquer outra Ciencia, áinda queda un grande espacio reservado ao proceso creativo non racional, á creación científica por camiños intuitivos.



# a ocupación da costa no termo municipal de Oleiros

## o caso de Perillo

X. L. MARTINEZ SUAREZ



A historia do proceso de ocupación da costa no termo municipal de Oleiros acelerouse nos últimos dez anos. Frente á concepción dominante da privatización do espacio costeiro debémonos plantexar o entender o litoral (praías e costas), como un espacio a utilizar por miles de persoas e que, xa que logo, ha ser susceptíbel dunha ordenación, dunha planificación, en base á que non só se delimiten teóricas franxas protecciónistas, senón que tamén se dote a estes espacios de todas aquellas infraestruturas e equipamentos necesarios para unha utilización axeitada (aparcamentos, postos de salvamento e socorrismo, accesos, zonas verdes).

**82** O termo municipal de Oleiros ten sido un exemplo claro da privatización das suas costas. Como mostra significativa

referímonos no presente traballo a unha das suas parroquias más reducidas, a parroquia de Alfoz de Perillo, ubicada na zona sur do termo municipal.

A análise e as conclusións que poidamos tirar da historia do proceso de ocupación do solo nesta zona hannos servir de lección para o futuro, co obxecto de criar as condicións urbanísticas necesarias para impedir que feitos como estes poidan volverse a repetir na costa dos nosos concellos.

Iniciamos o traballo cunha pequena historia do proceso de ocupación do solo na parroquia de Perillo, rematando co que consideramos deben de ser obxectivos a perseguir dentro dunha política de ordenación do noso litoral, así como os instrumentos que podemos utilizar en base á legislación actual.

A área de estudo sitúase no termo municipal de Oleiros, na zona suroeste, á beira da ría do Pasaxe na sua desembocadura na ría de A Coruña.

É, pois, un territorio que, pola sua situación xeográfica (proximidade a A Coruña capital), polas condicións naturais e ambientais do seu medio físico (areal e praia de Santa Cristiña, ría do Pasaxe, riqueza marisqueira...) e por ser un nó de confluencia da rede viaria a través da Ponte do Pasaxe (N-VI, LC-173, LC-174) camiño da cidade de A Coruña, posui unhas características especiais que criaron as condicións para que a acción edificatoria e urbanizadora dos diferentes axentes inmobiliarios que historicamente participaron no proceso de construcción da “cidade” fose notoria, adquirindo unha especial virulencia nos últimos anos.

Estas accións variaron de carácter ao longo da historia, producindo toda unha serie de formas de asentamento da poboación e crecimiento urbano que, pola sua variedade a nivel tipolóxico, así como polas suas consecuencias urbanísticas, fan desta área a de meirante diversidade dentro do termo municipal.

O medio físico está constituido por un terreo que forma un pequeno outeiro que chega á cota máis alta de 75 m. sobre o nivel do mar. As suas vertentes descen cunha grande pendente pola zona norte cara á praia grande de Bastiagueiro, rematando no seu contacto co mar en pequenos acantilados nos que se encontra a Punta Fieiteira e, a poucos metros da costa, a illa de Santa Cristiña. Pola zona sur e oeste, con pendentes cada vez más dondas, ben orientadas ao meiodía e ao poente e bañadas pola ría do Pasaxe.


É nesta zona precisamente, e como resultado da confluencia da ría e do mar, onde surxe a barra de area, que configura o areal ou praia de Santa Cristiña.

Este elemento vai ser clave no futuro desenvolvemento da zona, tanto polo valor paisaxístico e ambiental como polas condicións que cria, que fan posibel a explotación marisqueira.

## PERILLO ATE 1900

A parroquia de Alfoz de Perillo pertencia ao morgadío instituído por dona María das Mariñas en 1469 e formando parte das chamadas “Mariñas dos Freires”.

Nesta parroquia había un único asentamento de poboación, que era a aldea de Perillo, que corresponde a un tipo de aldea nuclear densa ou, nos termos que utiliza Niemeyer, “aldea cerrada de caserío denso”, cun núcleo compacto do que parte unha rede radial de camiños agrícolas que dan acceso ás terras de labor.



*As tipoloxías do núcleo rural.*

## OBRADOIRO

No que se refere aos usos do solo, as zonas altas más rochosas de maior pendente e orientadas ao norte eran utilizadas para bosque, encontrándose o núcleo de poboación á altura da cota 50 e orientado cara ao S-SO no medio das terras destinadas á agricultura. Estas dispúñanse entre a cota 10 e a 60, defendidas dos ventos do norte polo arboredo, e nel cultivábase millo, trigo, centeo e ferraña. Había tamén pequenas hortas de ábores frutais anexas ás vivendas campesinas.

A zona baixa, até a cota de 10 m. era improdutiva e abrangüía a banda en contacto co mar e a ría (praia e areal de Santa Cristiña, A Xesteira, marxes da ría do Pasaxe, etc.).

A rede viaria, como se aprecia no gráfico adxunto, estaba constituida por catro “camiños de carro” a través dos que se accedía ás fincas agrícolas; estos camiños bifurcábanse posteriormente e deles partía unha segunda rede de “camiños privados de servidume agrícola” que daban acceso ás explotacións agrarias que non tiñan frente a camiños públicos.

Esta situación debeu de sofrir poucas modificacións ao longo do tempo, deica se construir, no ano 1900, a Ponte do Pasaxe.

A razón das poucas transformacións era que esta parroquia se encontraba situada no fondo de saco da península de Oleiros, polo que non era lugar de paso máis que para os habitantes da zona norte do termo municipal (Liáns, Serantes, Maianca, Dexo, Dorneda) que atravesaban a ría pola punta de Santa Cristiña deica o embarcadero de As Xubias, camiño de A Coruña.


### 1900-1950

No ano 1890 iniciase a construcción da ponte do Pasaxe, que vai unir o termo municipal de Oleiros co de A Coruña pola parroquia de Perillo. A partir desta ponte construiránse tres estradas:

—A actual Nacional VI que, paralela á ría, atravesa a parroquia pola zona sur e será a nova alternativa ao trazado da antiga carretera de Castilla que, desde A Coruña, pasaba polo Portazgo, O Burgo, e O Temple. A nova Nacional VI vai discorrer por unha zona totalmente chá e o seu trazado non atopará nengún núcleo de poboación ao longo dos 3 km. deica O Seixal.

—A actual LC-173, estrada que desde O Pasaxe conducirá ás zonas costeiras do termo municipal (Coruxo de Arriba, Porto de Santa Cruz) e á zona norte (Breixo, Mainca e Mera).

—A actual LC-174 que, intermeia ás duas estradas citadas, ten por obxecto comunicar coa capitalidade do municipio situada a 6 km., continuando posteriormente ao núcleo mariñeiro de Sada.




O núcleo rural de Perillo até 1900.



Chalets ao longo das estradas asfaltadas.

1900-1950. As estradas como eixo ou soporte do crecemento.



As novas estradas forman parte dun sistema xeral totalmente independente da realidade existente na área de estudo, e en nengún caso se relacionan co núcleo de poboación de Perillo (que é evitado) e o seu trazado tampouco ten nada que ver co trazado de camiños rurais, aos que corta, na maioría dos casos, perpendicularmente.


Temos xa, pois, duas realidades diferentes:

1) Unha realidade rural basada nunha economía precapitalista de explotación dos recursos naturais do medio, que ao longo da historia conformou un pequeno núcleo compacto de poboación dedicada á agricultura, que cultivaba as terras da parroquia.

2) Unha nova realidade allea en principio á anterior, constituída polas estradas actuais N-VI, LC-173 e LC-174, que son fundamentalmente canles de transporte e, tamén, os primeiros elementos de urbanización que se dan no territorio parroquial.

A construción destes "canles de transporte" vai producir

Crecemento lineal ao longo das estradas.



unha división espacial nova no solo da parroquia:

- Haberá terras que, ao non seren "tocadas" pola vía, van manter o seu carácter rural.
- Haberá outras parcelas rurais que, ao ficar en contacto coa vía asfaltada, van ter unha ACCESIBILIDADE DIRECTA e esta característica, xunto coa proximidade ao núcleo de poboación, fará que se convirtan en potenciais solares edificábeis, pasando a un segundo plano a sua utilización como finca agrícola.

As cualidades paisaxísticas da zona, a proximidade ao areal e praia de Santa Cristiña e a vicindade da cidade de A Coruña (a 3 Km.) van facer desta zona un lugar apetecible e desexábel para a nova clase social que se está a xerar nos pequenos conatos industrializadores que se dan na cidade de

A Coruña.

Os edificios construídos entre 1900 e 1950 ubícanse normalmente en fincas en contacto coas estradas asfaltadas e na solicitude de licencia municipal coñécese co nome de

**CHALETS**, quer decir, responden a un concepto novo de vivenda, tipoloxía utilizada por xentes acomodadas da cidade e que é destinada ao veraneo. Son xeralmente edificios exentos de planta baixa e andar, utilizan criterios e elementos de composición académicos ou ligados aos movementos arquitectónicos en boga (modernismo, racionalismo, etc). Estes edificios, ao contrario da vivenda agrícola, constrúense no centro do solar, destinándose o resto do mesmo a xardíns, ficando unha pequena parte destinada á horticultura ou ao uso agrícola.

Un segundo tipo de edificios prodúcese nestes anos, ben que só en duas ocasións: trátase de bloques de vivendas plurifamiliares de baixo e duas plantas, construídos na década dos 40.

Por último, tamén se constrúen aquelas casas que responden a tipoloxías tradicionais, promovidas por veciños do lugar. En definitiva, o núcleo tradicional produto de relacións económicas precapitalistas pasa a un segundo termo, en tanto aparece un novo asentamento da poboación nas marxes das estradas, do que os habitantes non son os tradicionais labregos.

#### 1950-1970

A utilización turística do solo da parte baixa da parroquia non é un feito recente. Xa no ano 1928, e promovido polo Concello de Oleiros, redáctase un proxecto de hotel, realizado por Juan Mariño, proxecto que non chegou a construirse.

No mes de marzo de 1945, pola Comisión Municipal permanente, dase licencia para a construcción dun hotel promovido por José Iparragirre Alberdi, cunha capacidade de 21 cuartos e que funcionará até o ano 1967. Este hotel ubicase nas proximidades do areal de Santa Cristiña.

O areal e praia de Santa Cristiña eran un lugar apetecíbel, cunhas condicións naturais excepcionais nas que destacaban as dunas de area xunto con mestos piñais que servirían de sombra aos miles de cidadáns coruñeses que nos días do verán, ben por mar ou a través da Ponte do Pasaxe, se achegaban ao lugar.


Da importancia deste areal é síntoma o que no ano 1945 se redactase un proxecto de "Autopista de Acceso a la Playa de Santa Cristina" pola Diputación Provincial, en cuxa Memoria constatabase o carácter de área de veraneantes, turística e de excursionistas da zona.


Tendo en conta este precedente, xa na década dos 60 encétase o proceso de urbanización e privatización da costa.

**86** No ano 1965 é aprobado pola Comisión Provincial de Urbanismo o ANTEPROYECTO DE PLANIFICACION



A urbanización na praia de Santa Cristiña, un dos maiores desastres urbanísticos dos anos 60.





*As tipoloxías da década dos 70: a rua do Xuncal.*

#### TURISTICA DE LA PLAYA Y DUNAS DE SANTA

CRISTINA, que consiste na parcelación da praia coa creación de 94 parcelas destinadas a vivendas unifamiliares e unha parcela destinada a hotel.

No ano 1967 construise nas marxes da chamada "Autopista de Santa Cristina" a parcelación LAS CHOZAS, que consiste na realización de 10 parcelas destinadas a vivendas unifamiliares e unha a piscina de uso común.

Nestes anos, e ao longo da N-VI, tamén se realizan as urbanizacións LOS ALAMOS e EL PARAISO, cunhas 20 parcelas destinadas a cadansúa vivenda unifamiliar.

Todas estas urbanizacións teñen unha característica común: apóianse nunha estrada asfaltada e ESTAN EN CONTACTO DIRECTO COA COSTA.

#### 1970-1979

Nestes dez anos prodúcese un auténtico "boom" da construcción, que se caracteriza pola ocupación indiscriminada de solo agrícola para edificación de inmóveis en altura.

Este tipo de actuacións realizañse apoíándose nas vías de tráfico existentes (N-VI, LC-173, LC-174, Autopista de Santa Cristina) ou nas suas proximidades nos camiños rurais. Asimesmo aparecen outro tipo de promocións a partir da apertura de ruas e posterior parcelación para bloques en altura en fincas agrícolas (Rua Nova, Rua do Xuncal, Grumosa).

Por último, a partir do ano 1975 aparece un novo tipo de promoción que consiste na urbanización e edificación completa dunha finca a través dunha única licencia (Hábitat residencial Puente del Pasaje, 1975).

Todo este tipo de actuacións urbanísticas teñen sido realizadas sen a existencia de planeamento municipal, xa que o Concello de Oleiros non contaba con Plan Xeral, nen siquera cun Proxecto de Delimitación de Solo Urbano.

Foi así como unha das áreas de maior riqueza ambiental e paisaxística dos arredores de A Coruña convertíuse, en pouco menos de dez anos, nun auténtico arrabalde, cunha poboación aproximada de 3.000 persoas, sen sumidoiros e cunha ausencia total de dotacións a nivel escolar, sanitario etc.

Perante esta situación, a Corporación Municipal elexida no ano 1979 iniciou unha política de creación de infraestrutura e de freno á construcción de edificación en altura, en tanto non houbese norma legal que a autorizase.

É así como a redacción do Plan Xeral municipal de Ordenación de Oleiros se converte nun obxectivo clave, do que os traballos se encontran xa na fase de "avance de planeamento".



As novas promocións de bloques plurifamiliares: 1, rua do Xuncal; 2, Grumosa; Residencial Santa Cristina; 3, habitat residencial: Puente del Pasaje; 4, Rua Nova; 5, Beiramar.

Unha das directrices que se deron ao equipo redactor do mesmo é a de "preservar e defender o patrimonio ambiental e paisaxístico do termo municipal de Oleiros... formulando a realización de Plans Especiais que protexan as costas e praias do termo municipal".

Actualmente a zona costeira do municipio encóntrase sometida á suspensión de todo tipo de licencias de edificación.

## OBXECTIVOS DUNHA POLITICA DE ORDENACION DO LITORAL

O obxectivo fundamental a perseguir na costa do termo municipal de Oleiros ha partir da sua consideración como unha parte clave do territorio municipal e, xa que logo, ha ser tratada e analizada a nivel de planeamento coa mesma importancia e detalle que o solo urbano.

É necesario cortar a concepción dos Plans de Urbanismo como instrumento que só presta atención ao solo urbano e ao seu desenvolvemento, esquecendo ou relegando a un segundo plano todo aquel solo clasificado segundo a lexislación vixente como non urbanizábel.

Se isto é grave de seu, cando se refere a terreos agrícolas e forestais de indubidábel valor ecolóxico, ambiental ou paisaxístico, os seus efectos agudízanse cando este solo non urbanizábel se refere á liña litoral, pola evidente fraxilidade da banda costeira.

## INSTRUMENTOS

Se no solo urbano en contacto coa costa se pode, a través das Ordenanzas e Normas proprias dos Plans Xerais correspondentes, criar unha situación que facilite o control da ocupación da liña litoral, a dificultade plantéxase no chamado solo non urbanizábel, que é a maior parte do solo en contacto co mar.

Neste sentido, a aplicación que se está a facer do artigo 43.3 da Lei do Solo, a través do que, polo trámite de excepción, é posibel o otorgamento de licencias para vivendas unifamiliares, é unha porta aberta á ocupación indiscriminada de solo agrícola e un camiño irreversible cara o desorde urbanístico. A posibilidade de edificación de vivendas unifamiliares no solo non urbanizábel, como se fosen edificios de utilidade pública e interés social, sitúanos nunha casuística pola que hoxe en Galicia non tería sentido a creación do solo urbanizábel residencial. As razóns son obvias: en primeiro lugar, o solo urbanizado en parcelas destinadas a vivenda unifamiliar (1<sup>a</sup> e 2<sup>a</sup> residencia) necesita unhas inversións en infraestruturas (pavimentación, aceras, saneamentos, alumead...) e unhas cesións para

equipamentos (deportivos, docentes, sanitarios, zonas verdes...) que o converten nun solo máis caro para o promotor ou o comprador que o solo non urbanizábel; e, en segundo lugar, non solo non urbanizábel non existen os costes de conservación de urbanización para os seus habitantes.

A costa do termo municipal de Oleiros forma parte no seu 90% do solo non urbanizábel e que nos últimos cinco anos ven sendo ocupado de forma indiscriminada pola segunda residencia.

Para paliar o efecto negativo destas accións, a Corporación Municipal ten iniciado unha política defensiva e protecciónista da costa a partir da delimitación dunha chamada ZONA DE PROTECCION DE COSTAS que abrangue a totalidade da costa do termo municipal. Nesta zona están suspendidas as licencias de edificación ou urbanización, en tanto non se realizan os correspondentes "Planes Especiales de Protección del Medio Físico".

Estes Plans Especiais han ter a consideración de instrumentos que tipifiquen as distintas categorías de solo non urbanizábel, especificando con claridade aquelas zonas que han ser respetadas.

Neste sentido, dentro da actual Lei do Solo nos seus artículos 18 e 19 faise mención da posibilidade de realizar o planeamento especial en zonas que merezan ser protexidas. Consideramos que en espacios litorais a liña de costa entra e encaixa perfectamente dentro deste concepto.


Asimesmo, o capítulo noveno do Regramento de Planeamento Urbanístico na sua Sección 3<sup>a</sup> fálanos dos Plans Especiais de Protección para a conservación e valoración das belezas naturais (art. 78, 79).

Se ben a normativa existente non é todo o completa que podería plantexarse, porén, abre portas para a elaboración de políticas de protección da liña costeira. Mais o problema fundamental estribaría hoxe na creación dun estado de conciencia nas Corporacións locais do litoral para que, a partir da legalidade actual, se iniciase a redacción de Plans Especiais de Protección das costas e praias dos termos municipais afectados.

Un papel dirixente en Galicia e impulsor destas actuacións ha ser assumido pola Consellería de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, organismo que debería pular a planificación da ría en colaboración cos Concellos afectados, en tanto que ha ser necesaria unha colaboración estreita entre os distintos organismos da Administración do Estado.

Esta colaboración hase plantear dada a incapacidade técnica, en canto a medios se refere, das Corporacións locais dos municipios rurais-costeiros, ao non dispor na maioría dos casos de técnicos coa preparación axeitada para este tipo de traballos.

# LIBROS



P. Portoghesi, V. Scully, Ch. Jencks, Ch. Norberg-Schulz, *The Presence of the Past. First International Exhibition of Architecture. Venice Biennale 80*. Academy Editions, London, 1980.

A decisión da Bienal de organizar, xunto a outras actividades, unha sección dedicada dun xeito específico e autónomo á Arquitectura foi resultado dunha experiencia e dunha necesidade. A experiencia demostraba que a inclusión da Arquitectura entre as demais Artes Visuais criaba considerábeis problemas á hora de estruturar e equilibrar os eidos temáticos. Nestas condicións, tendíase tradicionalmente a subvalorar os feitos arquitectónicos situándolos a un nivel inferior.


Era necesario tomar nota dunha especificidade técnica, expresiva e funcional que, con independencia da sua maior ou menor antigüidade, tiña calificado á Arquitectura cunha crecente complexidade, superior á das Belas Artes; a unión daquela con éstas basábase nunha estética antiga e nunha tradición retórica. E en tanto a obra de arte se transformaba

progresivamente nun evento, que veu perden- do gradualmente a maior parte dos seus rasgos de artigo manufacturado (escultura, pintura, etc.), o producto arquitectónico, enerxicamente alonxado de todas as concepcións monumentalistas, aparecía formando parte cada vez máis dun proceso moito más complexo que, dunha banda, confluía co vasto mundo do urbanismo, a ordenación do territorio, a "arquitectura da paisaxe", etc., e, da outra, incidía nos problemas da "cultura material", o uso colectivo e individual do tempo e os recursos, etc.

A Arquitectura inaugura, precisamente cunha exposición, a sua actividade como sección autónoma dentro da Bienal. Por azar, este comezo tivo lugar o ano das conmemoracións de Palladio, o que pode ser altamente simbólico en todos os aspectos (desde a permanencia á diversificación extrema) para a tradición arquitectónica. A proposta de Paolo Portoghesi, director da sección, a Bienal resolveu conscientemente dedicar a exposición ao denominado Movimento Postmoderno, é dicir, a unha das principais e más significativas manifestacións da arte contemporánea.

Ao mesmo tempo, unha decidida e ben marcada rememoración de Ernesto Basile levou cara atrás, á consideración das características e os problemas da historia rexional italiana, que se remontan máis alá, non xa do Movimento Postmoderno, senón incluso do Moderno. Isto non ten somente a virtuali-

Paolo PORTOGHESSI Vincent SCULLY Charles JENCKS Christian NORBERG-SCHULZ  
**THE PRESENCE OF THE PAST**  
First International Exhibition of Architecture-Venice Biennale 80



dade dunha contraposición espacial e cronolóxica, senón que pretende tamén ofrecer a oportunidade para unha análise ulterior do feito total, reunindo as conexións, esencias e tendencias da realidade total —realidade que é expresiva e artística, pero máis áinda social e antropoloxicamente cultural— de que dá proba hoxe a experiencia da obra arquitectónica.




Christopher Alexander, Sara Ishikawa, Murray Silverstein et al. *Un lenguaje de patrones*, Gustavo Gili, Col. Arquitectura/Perspectiva. Barcelona, 1980. 1016 páginas con ilust. b/n.

Trátase do segundo título da trilogía escrita por Ch. Alexander na pretensión de conformar unha alternativa que desafie as ideas actuais sobre a arquitectura e a planificación. Os outros libros que forman a trilogía (*Urbanismo y Planificación. El caso de la Universidad de Oregon* y *El modo intemporal de construir*) representan respectivamente unha aplicación concreta e a filosofía que sustenta *Un lenguaje de patrones*, xa que baixo a apariencia dun formulario ou manual para deseñar, escóndese

unha importante carga filosófica e unha considerábel sutilidade dialéctica que se fan más patentes á luz dos tres libros que forman a obra no seu conxunto.

Alexander chama patrón a cada unha das unidades que configuran a sua linguaxe. Un patrón é un principio xeral de deseño e de planeamento a través do cal se formula un problema concreto que pode presentarse repetidas veces en calquera proceso de deseño. O libro está concebido de tal xeito que todas as persoas, arquitectos ou non, poden usalo para deseñar un medio ambiente axeitado para si mesmas e para as suas actividades. Calquera persoa que lea estes patróns pode ser capaz de modificalos e Enriquecelos co fin de axustalos á sua propia comunidade.

Este libro é o resultado das investigacións levada a cabo en equipo no Center for Environmental Structure, do que Alexander é fundador e director.



J. L. Pereiro Alonso, *Desarrollo y deterioro urbano de la ciudad de Vigo*. Prólogo de X. M. Alvarez Blázquez. C.O.A.G., Vigo, 1981, 246 págs. con ilust. b/n.

Trátase dun interesante e amiudado estudo da evolución urbana da cidade de Vigo, desde as suas orixes até os anos 70, que recolle os principais fitos que determinaron o desenvolvemento físico da cidade, aprofundando especialmente na incidencia do Plan Palacios e nos feitos urbanísticos posteriores.

O autor analiza a dialéctica do que puido ser e do que foi a evolución dunha urbe que pola avaricia dunha sociedade se convertiu, como sinala o prologuista, na cidade máis apretada de Galicia, a máis costaneira e hoxe en día a máis conflitiva no aspecto viario. As suas ruas están feitas para andar camiño, para ir dun lugar a outro sen topar un espacio aberto para o folgo ou a contemplación. En Vigo án-dase e non se descansa.


Un libro para meditar moi seriamente sobre o futuro de Vigo, esa cidade que está constituída por unha ininterrumpida serie de ruas corredor que incitan ao movemento, sen outras prazas e recintos que os realizados nos séculos XVIII e XIX. Ruas pensadas e realizadas co principal fin de facer solares con que traficar e para conter máis e más produtivos-vivenda, como se a cidade só fose iso, casas e ruas para chegar a elas.



Helio Piñón, *Reflexión histórica de la arquitectura moderna*. Península, Barcelona, 1981, 177 págs. con ilust. b/n.

O propósito deste libro é a análise dos presupostos básicos da arquitectura contemporánea, identificando o sentido que adquieren as diferentes doctrinas ao asumiren a condición de vanguarda. Nesta primeira declaración de obxectivos vai implicita unha hipótese que é a condición que fai verosímil o proxecto: a saber, que o enunciado "cultura arquitectónica contemporánea" ten un contido epistemolóxico preciso, alén de constituir un modo xenérico de referirse aos eventos culturais que, no eido da arquitectura, depara "a más rabiosa actualidade". Deslindar o sentido que confere especificidade á arquitectura contemporánea vai ser, pois, unha tarefa esencial complementaria e inseparábel do que constitui o obxectivo deste ensaio.

Helio Piñón, nado en 1942, arquitecto pola ETSA de Barcelona, é autor dos libros *Arquitecturas catalanas* (1977) e *Nacionalisme i modernitat en l'arquitectura catalana contemporània* (1980), Catedrático de Proyectos na ETSAB, onde imparte clases desde 1971, e membro do consello de redacción e colaborador habitual da revista *Arquitecturas bis*.



ARQUITECTURA  
POPULAR  
EN GALICIA


Pedro de Llano

Pedro de Llano, *Arquitectura popular en Galicia. A casa-vivenda. As serras. Limiar* de X. Lorenzo Fernández. Introducción xeográfica de A. Pérez Alberti. C.O.A.G., Vigo, 1981, 335 págs. con ilust. b/n.

Primeiro volume dun estudo sobre a arquitectura popular, que constitui unha interesante aportación ao tema, escasamente analizado no seu conxunto. Esta circunstancia fai deste libro obra imprescindible para quen queira aproximarse á xenuina e rica arquitectura do noso pobo, considerada dentro dun determinado ambiente físico e vinculada ás xentes que a producen.

A primeira parte iníciase cunha sistematización do hábitat, que abre interesantes perspectivas de cara a un necesario estudo antropológico en profundidade do mesmo. Segue a análise tipolóxica da vivenda e dos seus elementos, para rematar cunha consideración en torno á situación actual e posibles alternativas de protección do noso patrimonio arquitectónico popular. A segunda parte, introducida por un estudo xeográfico do medio, recolle numerosas e significativas mostras da diversidade arquitectónica da vivenda das serras, sob os apartados de arquitectura do colmo, do xisto e da tella.

Merce salientarse o abundante e excelente material gráfico —sobre todo os deseños— que acompaña ao texto, e que constitui unha novedosa e eficaz aportación entre os estudos de que dispoñemos sobre a materia.



O segundo volume, que será dado ao prelo proximamente, recollerá a arquitectura da vivenda rural da Galicia costeira, das comarcas de transición e centrais, das áreas definidas polo curso dos grandes ríos e das comarcas suroorientais, así como as construcións adxectivas de funcionalidade diversa.

**Anthony Kraft, ed. *Architecture Contemporaine. Contemporary Architecture. Bibliotheque des Arts. Torino, s/data. 196 páxinas con ilust. b/n.***

Este libro pretende ofrecer un panorama da arquitectura contemporánea a nivel mundial. Incluense, a modo de introdución, dous artigos, un de Alberto Sartoris, "Leonardo de Vinci precursor do mundo moderno", e outro de Alex Rotatch, "Restauración de monumentos arquitectónicos en Leningrado".

O contido deste volume recolle, a xicio do editor, as más importantes obras da arquitectura contemporánea, estruturadas en dez capítulos: Vivendas, industria e artesanía, transporte, comercio e administración, servicios sociais e saude pública, edificios relixiosos e conmemorativos, deporte e ocio, turismo e hostelería, cultura e vida social e educación e instrución.

As obras preséntanse en forma de fichas desprendíbeis de fácil clasificación. Cada unha destas inclui programa, características e, no seu caso, problemas particulares que plantexa o edificio e bibliografía, ademais de material gráfico. Todo isto confere á obra un sinalado interés para o coñecemento das últimas tendencias en arquitectura.

**Begoña Bas López, *Construccións populares galegas. Bankunión, A Coruña, 1980, 147 páxinas con 142 ilust. b/n. e cor.***

Este libro que se ven sumar á bibliografía recente de etnografía galega, é un interesante intento de abordar globalmente o estudo da nosa arquitectura popular.


A autora divide a obra en dous grandes apartados. O primeiro trata as construcións de

funcionalidade evidente: a casa-vivenda (tratada de forma moi sucinta, cando é o máximo exponente da arquitectura popular), os locais de transformación do gran, as dependencias para os animais da casa, as construcións para o aproveitamento da auga, a delimitación de espacios e as vías de comunicación. No segundo grande apartado estúdanse as construcións de funcionalidade non material, destacando entre elas os cruceiros e os petos das ánimas.

Recolle como apéndices as capelas, pescos ou pesqueiras, secadeiros de peixe, curros e unha pequena nota sobre as construcións populares na actualidade. Remata o traballo cunha sucinta bibliografía na que se botan de menos algunas obras importantes para o estudo da arquitectura popular.

O libro está profusamente ilustrado con fotografías e dibuxos.

A autora é colaboradora do Museo Arqueológico de A Coruña e foi premio "Vicente Risco" do Museo do Pobo Galego polo seu traballo sobre os hórreos.





JEMASA

Sande y Diaz s.l.

Novoa Santos, 11. Teléfonos 283397 - 283644. LA CORUÑA



bombas  
**azcue, s.a.**



## BOMBAS PARA:

INDUSTRIA.



MARINA.

AGRICULTURA.

AGUAS RESIDUALES.

GRUPOS CONTRAINCENDIOS.

GRUPOS DE PRESIÓN EDIFICIOS.



## DEPURACION

AGUAS RESIDUALES.

POTABILIZACIÓN.

FILTRACIÓN.

DESCALCIFICACIÓN.

—  
PISCINAS.

RIEGO POR ASPERSION Y GOTEO.


MOTOCULTORES.

CORTACESPEDES.

SAUNAS.

# **REVESTIMIENTOS DE MADERA PARA LA CONSTRUCCION Y LA DECORACION**

**Al natural o barnizados  
Totalmente terminados para su colocación**



**molduras  
del noroeste, s.l.**

La Barcala, 10. Teléfono (981) 661358 - Cambre (La Coruña)

Delegación:

Bedoya, 15 - Teléfono (988) 236708 - Orense


# NUEVAS FORMAS, AHORRO DE ESPACIO

ESTO ES



Juan Flórez, 102 - bajo  
Teléfono 26 56 34  
LA CORUÑA

- ARMARIOS EMPOTRADOS EN CUALQUIER CLASE DE MADERA Y ESTILO Y EN CUALQUIER PARED.
- MOBILIARIO MODULAR EMPOTRADO
- PUERTAS PLEGABLES. DISTRIBUCIONES DE ARMARIOS.



una organización a su servicio que le facilita ideas prácticas para un mejor aprovechamiento y decoración de su vivienda.

# Ceplástica en la Construcción

**tambel**

## RECUBRIMIENTO MURAL DE VINILO

Lavable. Resistente. Decorativo.  
Bello y variados diseños.

**Bellsol**

SUELO DE VINILO CON RELIEVE  
Confortable. Duradero. Aislante térmico  
y acústico. Fácil instalación sin obras  
rollos de 2 metros de ancho

**CEFLEX**

**SUELO DE AMIANTO - VINILO**  
Ideal para suelos de mucho uso  
(hospitales, industrias, etc)  
Losetas de 30×30 cms.

**SINTASOL RECORD**

**SUELO FLEXIBLE DE VINILO**  
En rollos de 1,25 m. de ancho

**SINTAMUR**

**REVESTIMIENTO MURAL DE VINILO**  
**SOPORTE TEXTIL**  
rollos de 1,40×30 metros.



- RACORES PARA CANALIZACIONES
- CANALON Y ACCESORIOS
- CLARABOYAS PARA ILUMINACION CENITAL

**CEPLASTICA**  
DELEGACION GALICIA  
Felipe Sánchez, 150  
Teléf. 22 75 75 - Vigo



# cligasa

ALTA TECNOLOGIA  
FRIO·CALOR



CLIGASA  
LA CORUÑA  
enito Blanco Rajoy, 7 y 9-2º-B  
Tels. 293800 - 293999


CLIGASA  
MEDITERRANEO  
Edif. Placonsa  
Benidorm-Alicante  
D. Pedro Zaragoza Orts.

CLIGASA-SUR  
Avda. Ramón y Cajal, s/n  
Edif. Sevilla 1  
Sevilla-5

CLIGASA  
BARCELONA  
C/Cabestany, 17  
Barcelona - 14  
D. Benito Regueiro

CLIGASA  
SANTANDER  
Crucero de Boo  
Astillero-Santander  
D. Victor Manuel Cagigas

GRE



# CANDIDO RIVEIRO S.A.

materiales de construcción • carpintería de aluminio  
muebles de cocina • carpintería de madera • parquets